


ATENEA

[illegible]mestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Xullo - Agosto - Setembro 2005]

Suposto de construción dunha planta de Gas Licuado
Mapa de Riscos



ARTIGOS

O amianto III

Ferrol medieval

Os matrimonios homosexuais

II Festival de Cans

O Teatro en Ferrolterra

¿A QUE NON O PODE CRER?



Fotomontaxe de Tim Riley.
Máis información en http://timrileylaw.com/ e no interior desta revista

nº 20


OUTRAS ENTIDADES A Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol

SERVICIOS, BREVES, LEMBRANZAS de Ricardo Pena, **Muller** A Marcha de Marsella,

O PARNASO ... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

r/ Merced, 11 · 15401 - FERROL · Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 31 44 33

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -



Os traballadores e traballadoras do mar
ao servicio da vida e do desenvolvemento sostible



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 20
Xullo-Agosto-Setembro
2005

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).


O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Maruxa Zaera Landeira
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Ricardo Pena, Tono da Graña, Isabel Lodeiro Vales, Pilar Cibreiro, José C. Alonso, Carlos Piñeiro Díaz, Andrés Pena Graña, Manuel Basoa, Mª do C. Krukemberg, Pedro Fraga deCal.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLICA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA DEL CAMPUS.



GALICIA - 19 X

ANTES:
FELICIDADES – PARABÉNS A TODOS – OS PARTIDOS PROMETEN – TODOS VAN GAÑAR !!!

AGORA:
¡¡ NORABOA GALICIA, A VERDADEIRA GAÑADORA, CONFIAMOS .....!!!, E PROPOÑEMOS UN SLOGAN PARA TODOS:

MOVÉMONOS MÁIS NUN PAÍS NOVO ENTRANDO POLA ESQUERDA

E SEMPRE:
DEFENSA DA LEGALIDADE, DA NATUREZA, DA VIDA, DO MEDIO AMBIENTE, DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE !!!
POLA SUPERACIÓN DO ESQUEMA DE DESENVOLVEMENTO DO SÉCULO XX: INDUSTRIALIZACIÓN *CUSTE O QUE CUSTE*, NON !!!

Dixo hai pouco MICHAEL IGNATIEFF –profesor da Universidade de Harvard–, falando desta problemática con alta compoñente política: "Calquera líder político responsable non pode esperar o MELLOR, ten que prepararse para o PEOR".

En moitos artigos e editoriais desta revista manifestamos a nosa firme oposición á ubicación da planta regasificadora en Punta Promontoiro (Mugardos). Os nosos argumentos baseánse non só nos potenciais riscos da planta en si e da navegación dos gaseiros para as poboacións próximas, senón tamén polo impacto ambiental que suporía o seu funcionamento. Por riba, canto máis se analiza a documentación e se coñecen os pasos dados para chegar onde chegaron, tanto os promotores como os seus socios e padriños (Xunta de Galicia fundamentalmente) resulta escandaloso e alucinante a infinidade de incumprimentos de normativas, de trampas, enganos, mentiras nos informes, etc., tanto a respecto da lexislación autonómica como da estatal e a europea.

Estudos recentes feitos por SANDIA LABORATORY e AMERICAN BUREAU OF SHIPING en EE.UU. sobre os riscos de plantas de gas natural licuado (GNL), solicitados polo Departamento de Transporte (DOT) e pola Comisión Reguladora Federal da Enerxía (FERC), non só confirman as nosas preocupacións, senón que as aumentan. As estimacións dos profesores JERRY HAVENS da Universidade de ARKANSAS e JAMES FAY do Instituto Tecnolóxico de MASSACHUSSETS (MIT) –ambos os dous considerados como os pais dos estudos de dispersión de gas natural licuado– indican, no caso dunha rotura nalgunha parte do circuíto de GNL no gaseiro ou no proceso de descarga, unha dispersión de gas de até 6 km. de distancia, asfixiando a todo ser vivo situado na zona, e se ardese (o que é moi probable), provocaría radiacións térmicas con queimaduras de 2° grao nas persoas que se atopasen até 1,5 km. do lugar do accidente.

Esta posibilidade eleva o risco para as persoas até límites inadmisibles debido á imposibilidade de saída rápida a alta mar dos gaseiros dentro da Ría en caso de emerxencia.

Pero hai máis: o informe de MARÍN, no que se baseou a aprobación do proxecto, indica que é necesario dragar o canal de acceso e que o estudio de saída na situación de emerxencia deberá de facerse despois do dragado, e isto NON ESTÁ FEITO !!!

O dragado, aínda non tramitado, ten moitos problemas e de seguro será rexeitado, polos riscos que ten en si mesmo, pero os dous primeiros tanques xa están feitos, QUEN ESTÁ XOGANDO AQUÍ E A QUÉ !?!?

Aínda máis: en agosto de 2001 os medios escritos de Galicia (que tanto buscan a verdade e defenden as causas xustas ...... ou é un desexo?) difundiron suplementos especiais co nome de ENERGÍA DE FUTURO. Agora podemos denunciar as mentiras propagandísticas que alí se publicaron, de seguro non gratuitamente.

Ao pé da letra:

• *"La construcción de la planta de gas no puede esperar a que se finalice el puerto exterior, ya que ésta deberá estar concluida en el 2004".*
O PORTO XA ESTÁ REMATADO E A PLANTA AÍNDA NON.

• *"La construcción de la planta supondrá el fin de la lacra del paro en Ferrolterra!!!!".*
FALACIA.

• *"La planta de gas creará 1000 puestos de trabajo directos".*
MENTIRA, SON 60.

• *"La terminal será el único punto de suministro de gas en Galicia".*
MENTIRA.

• *"El proyecto se realizó despues de llevar a cabo numerosos estudios de viabilidad y bajo un marco normativo europeo".*
NON O CUMPRE, POR ISO O BEI (BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS) NON DEU FINANCIACIÓN.

• *"El método de vaporización del gas está por decidir ya que quieren cumplir con la normativa ambiental y **EL AGUA DE MAR NO SE PUEDE UTILIZAR PARA ESTE FIN**".*


Seguen xogando ... Alucinante.

(Continúa na páx. 8)



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Cervantes. Nº 4
Revista del Instituto Cervantes. Año I.
NIPO: 503-05-001-0




O ollo público. Nº 10
Revista das artes.
D.L.: VG-1036-2001



Murguía. Nº 5
Revista galega de historia.
ISSN: 1696-9197



Utopías. Nº 202
Revista de debate político.
ISSN: 1133-567X



Poesía galicia. Nº 19
Ed. SAF



Anuario da gaita. Nº 19
D.L.: OU-92/98

PRENSA

local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

Galicia Hoxe

El Correo Gallego

A Nosa Terra

Faro de Vigo

Novas da Galiza

La Opinión de A Coruña

El País

El Mundo

Mundo Obrero

Le Monde Diplomátique

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA VIDEOTECA, ENTRE OS QUE DESTACAN:

71 documentais

50 curtametraxes, dos máis importantes directores.

140 longametraxes, de destacados autores como Chaplin, Einsenstein, Hitchcock,


Welles, Huston, Buñuel, Almodóvar, etc.

Ademais de obras de teatro, música...



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




A man esquerda
Marcos Mariño Beiras
e Araceli Varela Sánchez
Ed. Laiovento
ISBN: 84-8487-067-7



De pano sedán. Obras para gaita
José Presedo e Astrid Filgueira
Ed. Do Cumio
ISBN: 84-8289-163-4




Os donos do paraíso
Andreu Martín
Ed. Rodeira
Premio Edebé de literatura xuvenil 2005
ISBN: 84-96352-11-0



Religión y sociedad en Ferrolterra durante el Antiguo Régimen.
Alfredo Martín García
Centro de estudios de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol
ISBN: 84-609-3783-6






Historia do Racing club de Ferrol. Tomo I (1919-1939)
Jorge Manuel Deza Rey
Ed. Embora
ISBN: 84-95460-40-8



Ricardo III de William Shakespeare
Manuel Guede Oliva (dir.)
Ed. IGAEM
ISBN: 84-453-4021-2




Obreirismo ferrolán
Eliseo Fernández
Ed. A nosa terra
ISBN: 84-96403-42-4



Cantares da cega do Covelo. Lucía da Conceiçao Fernándes
Xosé Luis Foxo
Ed. Escola provincial de gaitas da Deputación de Ourense
ISBN: 84-96011-87-9

ESTA A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS, O CATÁLOGO INFORMATIZADO DOS FONDOS DA BIBLIOTECA.

EDITORIAL



(Ven da pax. 5)

É de destacar o reclamo noxento dos postos de traballo, que nada ten que ver coa ubicación da planta de gas.

O verdadeiro interese non son on postos de traballo, senón **os cartos, o negocio,** os intereses económicos por riba de todo, **DE TODO,** entorno medioambiental, turístico e arqueolóxico, riqueza marisqueira e postos de traballo reais e seguros e vidas humanas ameazadas por milleiros.

Proba dese interese é que xa cambiaron o método de vaporización. Someten estes días a estudo de impacto ambiental ese método (non o fixeron para o conxunto da planta.... estamos tolos!?!), que en síntese supón esterilizar e contaminar miles de toneladas de auga da Ría cada hora, devolvéndoa con 8°C menos de temperatura, e non só *esterilizada*, senón tamén *esterilizante* para toda clase de vida dos fondos da Ría.

Semellante disparate ambiental, absolutamente lesivo para os intereses e modo de vida dos mariscadores da Ría, sobre todo os dos bancos de Mugardos e Barallobre, foi fortemente rexeitado polas autoridades de EE.UU. Podemos asegurar que as catro plantas en funcionamento nese país –LAKE CHARLES, COVE POINT, ELBA ISLAND e EVERETT (Boston)– non utilizan ese sistema. É máis, as 16 novas plantas solicitadas para operar na costa tampouco utilizarán ese sistema, senón o de quentamento por gas en "circuíto pechado". Hai outras plantas solicitadas para seren instaladas en alta mar (off-shore). Estas si que foron deseñadas para utilizar auga de mar no sistema de vaporización, pero asociacións como CCA (Coastel Conservation Association), Sierra Club, National Oceanic and Atmospheric Administration (NOAA), Border Power Plants, Woking Group, RACE e a Universidade de Lousianne en Lafayette puxeron o grito no ceo ante esa barbaridade, non só polo enfriamento da auga, senón polo seu "envelenamento" con hipoclorito sódico. Os colectores deseñados son de 2 m. de diámetro e cada planta movería millóns de litros de auga.

O USCG (Servizo de Gardacostas de EE.UU.) paralizou o estudo de aprobación de dúas plantas en alta mar por esta cuestión. E aquí REGANOSA e máis a XUNTA seguen adiante cun sistema igualiño, pero no interior da nosa RÍA.

O propio V. URGORRI, da Estación Mariña da Graña, nada crítico coa planta de gas en Mugardos, dixo ao respecto do porto exterior:

> *"la construcción de un dique de estas magnitudes cambiará las corrientes de la ría y la renovación del agua, lo que afectará mucho a las larvas y a la futura población adulta".*

Esta redución efectiva de renovación das augas da Ría ten que contrastarse necesariamente coas 550.000 TONELADAS de auga **diarias** que pretenden utilizar devolvéndoas despois á Ría totalme esterilizadas e tratadas para MATAR.

Situación nos EE.UU. (datos de hoxe): de **corenta e dúas** plantas solicitadas, somentes **cinco** conseguiron aprobación (dúas delas en alta mar). **Dez** foron canceladas por presións das poboacións. Outras **dez** están a ser rexeitadas cunha forte contestación social, e hai outras **nove** que teñen planificado levalas a alta mar. Estes son datos reais contrastables, que os medios de información (ou desinformación) poden publicar ou desmentir. Velaquí unhas declaracións de Susan Mopper, directora de Tecnoloxía do Medio Ambiente e Ecoloxía da Universidade de Lousiana en Lafayete:

> *"Os teminais do tipo 'Circuíto Aberto' poderían ter evidente impacto nas poboacións de peixe e crustáceos do Golfo. Non soamente o terminal é unha ameaza para os ovos e as delicadas larvas que representan a próxima xeración do peixe da zona, senón que tamén succionaría o diminuto plancton que forma a base da cadea alimentaria do Golfo. Isto ha esterilizar todo, e iso sería a peor cousa que pode suceder no Golfo. É algo similar ao concepto de zona morta. Isto podería crear a súa propia zona morta en miniatura".*

Tamén os científicos de NOAA (Administración dos EE.UU. para a xestión dos océanos e a atmosfera) dixeron hai pouco (novembro de 2004):

> *"Os terminais usan millóns de galóns de auga ao día para quentar o GNL (gas natural licuado) e eles advirten que a auga ha conter millóns de ovos de peixes e larvas. Os ovos e larvas morrerán polo rápido enfriamento da auga do mar causado polo quentamento do gas.... outras criaturas morrerán cando a auga retorne ao golfo de México 10°C máis fría do que cando entrou no sistema".*

Pensamos que sobran palabras e falta reflexión e responsabilidade para abordar con seriedade e profundidade un problema desta envergadura que AÍNDA PODE RECONDUCIRSE. As mentiras e manipulacións de técnicos/investigadores, de políticos, dos medios, da administración e a pasividade da sociedade en xeral é certamente preocupante. Está en xogo, estannos hipotecando, **o futuro desta comarca**.

Que alguén responda e aclare, se pode.

ATENEO FERROLÁN



MEMORIA HISTÓRICA. LEMBRANDO A...

ROMÁN DELGADO

2.2.1894 - 16.11.1952

Ao meu tío avó, Roman Delgado.

Por Cristina Meizoso Alonso

É a partir de 1910 cando se produce a completa transformación do movemento obreiro en Ferrol, coincidindo coa contratación de novas construcións navais no marco do Plan de Escuadra de Ferrándiz. Paralelamente ao impulso da construción naval, prodúcese a privatización dunha parte dos Arsenais, que foron arrendados a unha empresa privada, a *Sociedade Española de Construcción Naval*. Os estaleiros pasaron en poucos anos de seiscentos a tres mil traballadores, e con iso produciuse unha espectacular reactivación do movemento obreiro. Coa revitalización do movemento obreiro houbo un rexurdir do anarquismo fronte ao socialismo, maioritario dende a década dos 90 do século XIX. E tamén houbo unha maior participación da clase traballadora en todas as actividades culturais, chegándose a crear unha asociación especificamente obreira, como era o **Centro Obreiro de Cultura e Beneficencia de Ferrol (C.O.C.B.).**

Na fundación do COCB participaron **militantes anarquistas** (como Saturnino Hermida ou **Román Delgado**), socialistas e republicanos. O seu traballo cultural tivo varias vertentes: o labor bibliotecario, as conferencias, as excursións instructivas, e as escolas nocturnas. E este traballo do COCB repercutiu de forma extraordinaria na formación dunha clase traballadora que até aqueles anos estaba condenada á indixencia moral, material e cultural.

Desta década dos 10 foron os primeiros esforzos por establecer escolas racionalistas na comarca de Ferrol, á calor do crecemento das sociedades vinculadas ao anarcosindicalismo, agrupadas no ***Ateneo Obreiro Sindicalista*** de Ferrol. É importante destacar que este crecemento da influencia dos anarcosindicalistas prodúcese a partir da creación en Ferrol do grupo anarquista *13 de octubre*, cuxo nome evocaba moi significativamente a data en que fora fusilado Francisco Ferrer y Guardia. O periódico *Cultura Libertaria*, editado polo grupo ***13 de octubre***, recollía nas súas páxinas algúns artigos a favor da ensinanza racionalista. Cando tivo lugar a fundación do *Ateneo Obreiro Sindicalista*, en maio de 1913, un dos obxectivos enunciados na súa presentación foi a creación dunha *Escola Racionalista* na comarca.

Naqueles tempos, 1910, Román Delgado ten unha participación sobresaínte na crecente conflictividade sindical que se produce en Ferrol: primeiro en abril,cando intervén nun mitin con motivo da folga dos peóns e canteiros do dique e, despois, no outono, participando en varios actos pola folga dos forxadores.

Nese mesmo ano, **Román Delgado** e un irmán seu foron detidos pola colocación nos talleres de esquelas co nome dalgúns mandos intermedios da *Sociedade Española de Construcción Naval*. (Algo habitual naquela época para denunciar os abusos que os mestres cometían sobre os operarios).



O seu carácter rebelde deberon levalo na súa marcha cara á emigración. A súa primeira experiencia foi unha pequena estancia en Cuba, de onde foi expulsado en 1915 acusado de provocar unha folga entre os obreiros azucreiros de Guantánamo. Ao saír de Cuba recalou en San Antonio, ao sur dos Estados Unidos, e alí foi onde tomou contacto cos anarquistas mexicanos que estaban a levar adiante un dos primeiros movementos revolucionarios do século XX.

As súas actividades, cada vez máis comprometidas, lévano a internarse en México e establecerse en Tampico, onde adheriu a central obreira anarcosindicalista *La Casa del Obrero Mundial* ao grupo anarquista *Los Hermanos Rojos* e contribuíu a publicar o xornal *Germinal*; a súa participación na folga xeral de 1916 levouno á prisión e a piques estivo de custarlle a vida, xa que a súa execución foi suspendida cando ía ter lugar en Querétaro, sendo expulsado aos Estados Unidos.

A principios dos anos vinte retornou a México, establecéndose en Ticomán coa súa compañeira Atanasia Rojas, coa que tivo dúas fillas, chamadas significativamente Armonía e Vida. Nesta poboación montou unha granxa e volveu contactar co sindicalismo mexicano, daquela agrupado na central anarcosindicalista C.G.T. Por aqueles anos, en contacto con outro anarquista galego emigrado en México, José Miño, actuou como anfitrión do grupo de Buenaventura Durruti e de Francisco Ascaso, na súa xira revolucionaria por América Latina. Miño foi o encargado de recoller a Ascaso e Durruti en Veracruz, cando fuxiron de Cuba secuestrando un barco pesqueiro e perseguidos polas autoridades; José Miño levounos cara a México e á granxa de Roman Delgado en Ticomán, onde despois do asalto a unha fábrica, o revolucionario leonés e o seu grupo abandonaron México, non sen antes deixar unha boa cantidade de cartos para a fundación dunha escola racionalista e a publicación do xornal da C.G.T.

Román Delgado seguiu militando no anarcosindicalismo mexicano até a súa morte.

Cando lin todo isto sobre a súa vida sentinme na obriga de facerlle un recoñecemento, nunca souben nada del, salvo o que contaba meu pai .... que tiña un tío que fora vivir a México, mais nunca imaxinei que fose un anarcosindicalista concienciado no intento de crear un mundo mellor.

Hoxe gozamos de DEREITOS grazas a estas persoas, que case sempre no anonimato loitaron polos cambios no mundo, con VALORES moi claros, como é a solidariedade.

Os tempos eran duros, había necesidades, mais tiñan esa vontade de cambiar as cousas, dende as escolas, a educación, dende os centros de traballo, dende os barrios,....

É unha mágoa non telo coñecido e poder compartir as súas lembranzas desa época tan convulsiva. Morreu 10 anos antes de que eu nacese, pero aí queda a súa historia, como a de moitos homes e mulleres que creron e cren que outro mundo é posible.

¡SALUD!

Datos recollidos do libro *Obreirismo Ferrolán*, de Eliseo Fernández

Grazas polo seu traballo de investigación.


PILAR CRIBEIRO. *EL DUEÑO DEL TRIGO*

ALGUNAS CONSIDERACIÓNS

«... é propio do oficio e traballo do escritor idear tramas e crear personaxes cos que ten pouco que ver, que lle son alleos.»

A publicación dun libro, por moi pouca repercusión que teña, convértese sempre nunha fonte de anécdotas. Unhas confirman aquilo que o autor –ou a autora neste caso– se propuxo, e mesmo descobren novos aspectos da obra, e outras veñen a ser coma un abano das humanas intencións, non sempre boas.

O certo é que unha obra –calquera obra, por pequena que sexa– ten algo que non se pode explicar. Deslindar aquí os seus compoñentes non é posible: sería materia de ensaio. É preciso lembrar, porén, que é propio do oficio e traballo do escritor idear tramas e crear personaxes cos que ten pouco que ver, que lle son alleos. Esta facultade, en maior ou menor grado, é tamén unha das que diferencian un escritor doutro, xunto coa de manexar a lingua de acordo a uns fins determinados.



Respecto aos relatos que compoñen *El dueño del trigo*, a pequena historia que dá título ao libro naceu dunha idea súpeta e foi redactada coa mesma inspiración, de corrido. *Mayo en Tánger*, a novela curta coa que comeza o libro, xurdiu dunha inspiración semellante no que se refire ao capítulo primeiro e ao remate. A redacción do texto completo levou máis tempo e foi máis traballosa. *Camino de vuelta* tivo un proceso semellante: redactado o primeiro capítulo nun día de verán de 1998, o resto foi manando pouco a pouco no inverno seguinte. Non así a idea de *Treinta dólares prestados*, que data de cando se escribiron os contos de *El cinturón traído de Cuba*, en Madrid, e forma parte do mundo temático desa primeira obra publicada. Redactada trinta anos despois, difire na extensión e no estilo.



Pilar Cribeiro

Pilar Cribeiro é unha escritora galega retornada de Madrid e afincada en Vilaboa, ao pé do encoro das Forcadas. Acaba de publicar *El dueño del trigo*. É autora doutras dúas obras narrativas, *El cinturón traído de Cuba* e mais *Arte al acecho*, e tamén de dous libros de poemas en galego, *O vasalo da armadura de prata* e *Feitura do lume*. Os seus poemas e contos figuran en diversas antoloxías, tamén estranxeiras, xunto cos máis importantes escritores e escritoras contemporáneos.

Quedan fóra deste resume todos os aspectos referentes á publicación, edición e difusión dun libro, ás veces complexos, pero moi importantes para que a obra chegue aos lectores, que son os seus xuíces verdadeiros, responsables de que se perda na marea indiferenciada dos miles de títulos que cada ano se editan, ou de que viva algún tempo máis e, nalgún caso excepcional, perdure (sen esquecer, por suposto, o poder inductor que a publicidade e os medios de comunicación exercen).





COFRADIA DE PESCADORES - FERROL -

A Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol e unha Entidade de Dereito Público sen ánimo de lucro, que esta baixo a tutela da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e actúa como canle de unión entre esta e o sector pesqueiro e marisqueiro.

O seu ámbito territorial vai dende A Ponte da Faísca (Concello de Narón) no interior da Ría de Ferrol ata o Faro de Punta Frouxeira (Concello de Valdoviño).

A confraría esta dirixida pola Xunta Xeral e Cabido que están compostos, a primeira por 25 persoas e o segundo por 11 incluíndo neles o Patrón Maior que e o representante legal da Entidade.

A actividade principal dos asociados e o marisqueo, tanto a pé como a flote, de moluscos bivalvos e percebe, así como a pesca de baixura. Tamén se esta a desenvolver actividade de extracción de ourizo mediante un plan conxunto con outras confrarías da zona.

O número de asociados na actualidade e de 420 persoas que residen nos concellos de Narón, Neda, Ferrol e Valdoviño. Por outra banda cabe destacar que o censo de barcos de pesca de baixura e de 80, cifra que veu aumentando considerablemente dende hai uns anos e que aínda o sigue facendo.

O número de empregados que traballan na confraría e de 16 persoas, incluíndo vixilancia, administración e persoal de lonxa.


Entre os servicios que presta os seus socios cabe destacar o da tramitación de documentación ante as administracións, asesoramento en materia de pesca e marisqueo, a comercialización dos productos provenientes da pesca de baixura e o marisqueo dos socios e doutros pescadores e mariscadores da Ría de Ferrol e de Ares que veñen a vender a lonxa de Ferrol e a vixilancia das concesións pesqueira e marisqueiras dentro do ámbito da Entidade para o cal dispoñen de 2 embarcacións e 1 vehículo todo-terreo.

As instalacións que xestiona esta confraría constan de un local para a poxa de moluscos bivalvos situado no Polígono da Gándara (Narón) preto do Banco Natural Somerxido de As Pías (que é un dos de máis producción de ameixa babosa de toda Galicia), a Lonxa do Porto de Ferrol (Múelle Curruxeiras s/n) e as Oficinas (C/Merced, 11 baixo).

Ámbalas dúas instalacións de lonxa esta previsto que sexan substituídas por unha única que, si as administracións Autonómicas e do Estado cumpren o acordado, estará situado en Caranza, e emprazado nun novo porto pesqueiro dotado de todas as instalacións necesarias para desenvolver as actividades pesqueiras e marisqueiras tal e como se fai na práctica totalidade dos portos de Galicia, dotada por unha parte de locais de vestiarios para os traballadores do mar, talleres de reparación de embarcacións e de artes de pesca e marisqueo, locais de almacenamento para comercializadores, fábrica de xeo, Cámara de conxelación, Cámara de conservación, Oficinas, etc., e pola outra de peiraos con calado suficiente para que poidan atracar barcos de pesca de certo porte, pantaláns de atraque para os profesionais, rampas de varada, grúas, surtidores de combustible, etc. e o máis importante que é a Lonxa de pescado e marisco, que debería ir dotada de sistemas automáticos de poxa tal e como ocorre coa maioría das lonxas de Galicia e do que carece a actual lonxa de Ferrol.

DATOS ESTATÍSTICOS DE PRODUCCIÓN DO ÚLTIMO ANO

Lonxa: Ferrol
Especies: TODAS
De: 01.01.2004
Á: 30.12.2004
Quilos: 453964.23
Importe: 3214028.41 €
Mín.: 0.1 €/Kg
Máx.: 71.1 €/Kg
Medio: 7.08 €/Kg



C/ Merced, 11 . 15401 - FERROL . Tlf.: 352625 - Tlf. y Fax : 352362 Tlf: Lonja - Gándara: 314433



II FESTIVAL DE CANS

II FESTIVAL DE CANS

O **Festival de Cans** é unha cita alternativa e divertida coas mellores curtametraxes galegas. Un peculiar festival de curtametraxes que emprendeu este ano a súa segunda edición. De novo a aldea de Cans, no concello do Porriño (Pontevedra), se converte por uns días no epicentro do terremoto cinematográfico do país.

No **Festival de Cans** proxéctanse curtametraxes galegas, pero é moito máis ca un festival de curtas. Na súa primeira edición deu lugar ao concepto de *agroglamour*. O cine abandona as academias e as salas de cine e viaxa en *chimpíns* ata os alpendres. Velaí unha das singularidades deste festival: levar as curtas a un entorno rural.


O festival transcorre na fin de semana do 20 e 21 de maio, en paralelo ao Festival de Cannes, que nesas mesmas datas reúne na Costa Azul ao máis glamouroso da cinematografía mundial.

En Cans, o luxo substitúese con imaxinación e grandes doses de humor. Tres alpendres, un baixo-adega e o baixo dunha vella casa abandonada convertiranse por unha tarde en espléndidas salas de cine. Tres delas estarán de novo dedicadas ás curtas de ficción e outra ás de animación. Como novidade deste ano, ábrese o "jalpón friki", un espazo para as propostas máis extravagantes e irreverentes.

As salas contan cun aforo limitado de 75 persoas. Un sistema rotatorio permite acceder a todas as proxeccións a concurso cos 300 bonos á venda. E para os que non teñan bono, as actuacións musicais, o bo ambiente e o "jalpón friki", de entrada libre, garanten a diversión.

O festival organízao a **Asociación Cultural Arela**, formada por xente nova do Porriño e Mos, baixo a coordinación do guionista Alfonso Pato. Ademais dos diferentes colaboradores do festival é moi importante o apoio dos veciños. Eles ceden as "salas" de proxección e o local parroquial, e poñen a disposición do público os seus *chimpíbuses*, pequenos tractores que resultan o medio de transporte público idóneo para o festival.

«O Festival de Cans transcorre na fin de semana do 20 e 21 de maio, en paralelo ao Festival de Cannes, que nesas mesmas datas reúne na Costa Azul ao máis glamouroso da cinematografía mundial.»



PALMARÉS 2005

- Premio do público á mellor curta de ficción:
A BOA CALIGRAFÍA

- Premio do público á mellor curta de animación:
MINOTAUROMAQUIA

- Premio do xurado á mellor curta de ficción:
INTENSIDADE

- Premio do xurado á mellor curta de animación:
MINOTAUROMAQUIA

- Mención especial:
A TEORÍA DO ESPELLO



CELSO BUGALLO, PREMIO DE HONRA *PEDIGREE '05*




O actor pontevedrés Celso Bugallo recibirá o premio de honra do Festival de Cans, o *Pedigree'05*, como recoñecemento á súa traxectoria profesional e á súa implicación e apoio aos novos valores da curtametraxe en Galicia. A organización quere recoñecer coa entrega deste galardón a un actor profesional, serio e coherente, que nos últimos anos acadou o aplauso de crítica e público por algunhas das súas máis destacadas actuacións.

Celso Bugallo obtivo en 2003 o recoñecemento xeral polo seu papel de Amador en *Os luns ao sol* de Fernando León de Aranoa. Na última edición dos premios Goya, logrou o galardón na categoría de actor de reparto pola súa interpretación do irmán de Ramón Sampedro no filme de éxito internacional *Mar adentro*.

Pero a traxectoria de Bugallo, nado en 1947 en Vilalonga (Pontevedra) é xa longa. Iniciouse no teatro nos anos setenta. Compaxinou os seus traballos teatrais cos seus inicios no audiovisual. Entre 1988 e 1992 promoveu a Aula de Formación de Actores. Dende finais da década dos noventa intensificou a súa presenza en televisión e cine e convertíuse nun dos rostros máis recoñecidos das pantallas galegas, cos seus papeis en series como *Mareas vivas* e *Terra de Miranda* e filmes como *A lingua das bolboretas* e *A vida que che espera*.

Ademais, Celso Bugallo non deixou de protagonizar curtametraxes galegas, co que amosa a súa disposición a colaborar cos novos valores do noso cine. Na pasada edición do Festival de Cans puidémolo ver en duelo interpretativo con Saturnino García en *O derradeiro grolo*.

«... un actor profesional, serio e coherente, que nos últimos anos acadou o aplauso de crítica e público por algunhas das súas máis destacadas actuacións.»



FALAMOS DE...



EXPOSICIÓN RADICAIS LIBRES

LIBRES RADICAIS EXPOSICIÓN

Por Isabel Lodeiro Vales

A propósito da exposición que está a ter lugar en Santiago de Compostela, no Auditorio de Galicia, dende o dez de maio e ata o dez de xullo, "Radicais libres. Experiencias gays e lésbicas na arte peninsular", sinalarei antes de nada que estas reflexións se deben basicamente ás que expuso no seu momento o comisario da exposición, Xosé Manuel Buxán Bran, nunha visita guiada á que acudín, e a quen lle vou tomar prestadas parte das súas palabras.

Comezando pois, hai que dicir que o título da exposición, "Radicais libres", refírese a que se quería connotar con estas dúas palabras os termos de radicalidade e liberdade. No tocante ao subtítulo, "Experiencias gays e lésbicas na arte peninsular", hai que subliñar en primeiro termo que se fala de experiencias para sinalar o concepto de algo vivido, de algo que se nos mostra, e rachar así co silencio que impera nestes terreos, como algo que non se pode nomear, como di Buxán "é un proxecto para a acción, non para a metáfora meliflua e adormecedora". Tamén sobre o subtítulo hai que dicir que trouxo varios inconvenientes á hora de realizar a mostra, pois os termos *gay* e *lésbico* seguen creando certo rexeitamento, o cal nos leva a afirmar que a homofobia inda non está erradicada.

"Radicais libres", é a primeira exposición que se fai arredor da experiencia do gay e do lésbico en Portugal e en España. E, estamos a falar de representacións, das reflexións e das investigacións que arredor do gay e do lésbico se teñen feito na arte.

A exposición está dividida en catro grandes apartados que son: iconas, sex, SIDA e praceres. Está composta pola obra de vinteoito artistas, co cal aquí non vai haber espazo suficiente para falar de todos eles, así que vaian por diante as posibles lagoas que poidades atopar.

> «*Radicais libres*, é a primeira exposición que se fai arredor da experiencia do gay e do lésbico en Portugal e en España.»

Comezando pois, chama a atención a obra de Roberto González Fernández, quen por primeira vez fai referencias ao tema. A súa obra sorprende pola aposta decidida que fai ao longo de toda a súa traxectoria artística polo mundo homosexual en obras como *Parade* (1980-1981). Nesta serie documéntase dun xeito inédito ata daquela na historia da arte española a festa e o pracer dos maricas, das lésbicas e dos transexuais, que toman as rúas e as converten nun territorio de gozo e de desexo.

Proseguindo, hai que falar inmediatamente de dúas figuras emblemáticas como son a de Federico García Lorca e o gran silenciado Eduardo Blanco Amor. De Federico temos a sorte de poder contemplar a obra *O bico*, que nos fala da duplicidade, do desdobramento do *eu* e da presenza da sombra que nos acosa e que non podemos evitar.

No tocante ás fotografías de Eduardo Blanco Amor, estas teñen unha gran validez porque son testemuña da defensa dunha cultura libre e pagá, hedonista e inconformista.

Outro artista que cabe mencionar é Nazario Luque Vera, que foi o artista contracultural por antonomasia e que coa súa serie de cómics ilustra un mundo hippy de festas promiscuas.

Outro dos clásicos é Guillermo Pérez Villalta, a súa obra *Dos mujeres contemplando a dos hombres* é un cadro de gran formato no que aparecen dous homes nus, nun evidente encontro sexual. Mais hai tamén un relato *voyeurista*, pois á esquerda vemos dúas mulleres que tras dunha celosía observan a escena.

Tamén quero citar a obra do portugués Pedro Gomes coa súa serie *Masturbacoes* (2003), e quero avisar a futuros visitantes da mostra que se aproximen a estes cadros, de que han observar neles os



pelos e outros restos, como sinalando o que hai de suxo no feito da masturbación.

Proseguindo, cómpre falar agora daqueles artistas que trataron o tema da SIDA , onde hai que citar inevitablemente a Pepe Espaliu, que coa súa obra *El nido* representa unhas muletas pintadas, unidas entre si formando unha especie de niño onde resgardarse.

Outro autor xa clásico no tema da SIDA é Javier Codesal, que coa súa obra *Días de SIDA* móstranos unha serie de fotografías expostas a modo dun viacrucis, fotografías dun home no que o único que se move moi lentamente dunha a outra é a mirada.

Finalmente, en canto ao tema da SIDA citaremos a Pedro Miralles e a súa obra *Ajuares*, na que se nos mostran en varias vitrinas diferentes obxectos dun compañeiro seu que xa morreu e do que fican os obxectos que formaban parte da súa doenza, unha obra a modo de urna e altar.

Poderiamos proseguir este denso artigo citando a obra do artista galego Alex Mene e a súa obra *Bólas case chinesas* (2005), obra que é un xoguete sexual feito con bólas de ping pong, ás que decora con debuxos da Antigüidade para que sexa unha metáfora dos praceres e da analidade.

Chegados a este punto e, disculpándome por saber que estou omitindo nomes importantes coma Vasco Araujo, etc., o que agora quero é preguntarlle ao lector se non bota en falta algo no ata aquí exposto. En definitiva, de que estamos a falar ata o momento? Pois, de experiencias gays e de nada do lésbico e, isto non está feito a propósito, senón para chamar a atención sobre unha realidade, a saber, que sobre as experiencias lésbicas apenas hai artistas que reflexionen sobre o tema, tal como me contestou Buxán ao preguntarlle o porqué de tan só catro artistas mulleres e un colectivo (LSD) que tratan a cuestión lésbica.



Co cal, para rematar este artigo imos falar do que hai de lésbico, como nunha especie de aposta para que as mulleres se animen ou nos animemos a facer unha arte máis comprometida coa propia homosexualidade feminina.

Así pois, de entre as mulleres citaremos a Cabello/Carceller, que son dúas mozas que traballan xuntas e falaremos da súa obra *Identity Game* (1996), na que se amosan dúas caras das autoras que participan dun xogo perigoso. Noutra obra delas, *Sin título (Paisaje)* (1998), amósasenos unha silueta de ambas as dúas fusionadas, mais a esta silueta fáltalle o peito e a cara, e ademais as dúas mulleres están amarradas por unha cadea e, se ben é certo que hai area nesta representación do pracer nunha praia, tamén o é que hai dúas pelotas desinfladas.

Doutra artista, Ana Pérez-Quiroga, hai que mencionar a súa obra *Autorretrato Coleguial*, Londres (2002), que é un autorretrato de Ana, mais tamén o é de todo o noso mundo da opulencia, mais estas son imaxes da noite, da felicidade, da transgresión, da desmesura. Outra obra desta artista é *O bidón* que actúa coma un corpo obxecto baleirado e escarranchado.

Proseguindo coas mulleres, falaremos agora da obra *Saudade das donas*, de Ana Vidigal, que representa uns bonecos de animais sobre unha tumba de animais e, é quizás nesa saudade das donas nesta obra onde está a homenaxe ao saber e á sensibilidade do xénero feminino cara aos animais ao longo de toda a historia.

Respecto da obra de Azucena Vieites, diremos que xira arredor de debuxos que son sempre anacos de algo, fráxiles. Nestes debuxos vese a presenza de afecto entre mulleres e de sexualidade lésbica que está presente na serie *Juguemos a ser prisioneras* (1992-1998). Esta artista é importante en canto que é unha muller feminista e, sen este, o ideario gay, lésbico e queer non tería sentido.

Xa para rematar coas mulleres, hai que facer mención ao colectivo LSD, nado en 1993. Elas traducían o termo por Lésbicas sen Diñeiro, Lésbicas Sexo Diferente, etc. É un colectivo variado en persoas e nomes que conta coa referencia fundamental da galega Fefa Vila Núñez. Este colectivo desenvolve un traballo de acción queer, que nos seus traballos *Es-Cultura Lesbiana* e *Monstruosidades*, se erixe coma un imaxinario e unha iconografía lésbica e queer de raíz case asemblearia, algo inusitado no mundo artístico.

Para rematar quero recalcar que debemos de sentirnos afortunados por contar cun proxecto deste nivel en Santiago de Compostela, cun catálogo de 400 páxinas que é case unha enciclopedia de cultura gay e lésbica e, en fin, quero agradecerlle de novo a Xosé Manuel Buxán Bran o seu labor no campo da investigación sobre este tema. Coido que nos podemos sentir afortunados por ter na Galiza un investigador deste calibre. Grazas, Xosé Manuel.


«... se erixe coma un imaxinario e unha iconografía lésbica e queer de raíz case asemblearia, algo inusitado no mundo artístico.»



POLA DEFENSA DOS NOSOS RÍOS. AS RAZÓNS DA I.L.P.

A biodiversidade dos ecosistemas de auga doce está moito máis ameazada que a dos ecosistemas terrestres. A nivel internacional, máis do 20 por cento dos peixes de auga doce do mundo e máis do 60% dos cangrexos e mexillóns de río extinguíronse ou están seriamente ameazados de extinción. Os ríos galegos non son unha excepción. O salmón e outras especies píscícolas, xunto con decenas ou mesmo centenares de especies invertebradas, atópanse mermadas nas súas existencias, amezadas ou en perigo de extinción.

Moitas das actuacións nos ríos teñen como resultado a perda de solo fértil para a produción agrícola e gandeira, e causan serios impactos nas formas de vida das poboacións locais, obrigándoas en numerosos casos a abandonar os lugares onde naceron e viviron. Galiza conta xa con demasiados dramas colectivos e individuais causados por proxectos hidroeléctricos.



O aproveitamento hidroeléctrico atópase na Galiza por riba dos niveis de sustentabilidade ambiental, enconómica e social, mais continúanse construíndo novas presas nos nosos ríos. O máis de medio centenar de proxectos de minicentrais en tramitación na actualidade apenas incrementarían a produción hidroeléctrica nun 1% mentres que, por situarse nas xa escasas zonas ben conservadas, causarán unha deterioración irreversíbel nos nosos ecosistemas fluviais. Optarmos polo aforro e a eficiencia enerxética deixaría máis enerxía disponíbel e permitiría conservar os ríos.

«O máis de medio centenar de proxectos apenas incrementarían a produción hidroeléctrica nun 1% mentres que, por situarse nas xa escasas zonas ben conservadas, causarán unha deterioración irreversíbel.»

Non se pode entender hoxe que se recuperen aproveitamentos hidroeléctricos integrais dunha cunca (como no Ulla e Lérez) ou construír encoros en cascada nun mesmo río, resucitando anacrónicas concesións de hai máis de corenta anos. Non se pode entender un "Plano Sectorial Hidroeléctrico" que se basea exclusivamente nun criterio de rendibilidade da produción eléctrica no mercado e deixa á marxe consideracións de tipo ambiental e social.

A Lei 1/1995 de protección ambiental de Galiza xustifícase "polas especiais características do país galego e a crecente preocupación social pola protección ambiental", e baséase nos principios de "prevención, de avaliación de impacto ambiental, de información pública, de participación cidadá, de educación ambiental e de sanción no caso de ilícito ambiental". Inspírase, así mesmo, nos obxectivos, entre outros, de compatibilizar a defensa dos valores ambientais co desenvolvemento económico, e da utilización racional e de defensa dos recursos naturais e da paisaxe, que constitúen o patrimonio natural de Galiza.

Porén, a pesar da vixencia destes principios, a deterioración dos nosos ríos e de todos os valores naturais, paisaxísticos e socioculturais relacionados cos mesmos é cada vez máis avanzada. Constatamos que neste eido non se acadou a implementación efectiva dos mencionados principios, debido ao seu carácter xeneralista e a non conter obxectivos claros e específicos en relación cos ríos. Ademais, a figura de pacto ambiental tivo unha escasa

realización, polo demais sesgada e sen fundamentarse na participación cidadá.

Constátase unha aplicación deficiente de normas derivadas da Lei 7/1992 de pesca fluvial de Galiza, como as que prevén a variación paulatina do caudal nos aproveitamentos hidroeléctricos, a sinalización da apertura de comportas nas presas, a obrigatoriedade de dotar de pasos, escalas ou outro tipo de dispositivo para o franqueo das presas polas especies migratorias. Constátase así mesmo a grave violación do espírito da normativa de avaliación do impacto ambiental, o que deixa indefensa á poboación local afectada e hipoteca o dereito cidadán de acceso á información e á participación na toma de decisións en materia ambiental.

Recentemente foi aprobada a Directiva Marco da Auga (DMA), Directiva 2000/60/CE, que entrou en vigor o 22 de decembro de 2000. Esta directiva establece un novo modelo de xestión da auga, de obrigada referencia, e ordena previr calquera nova deterioración dos ecosistemas acuáticos e atinxir como mínimo o "bo estado" de todas as augas no horizonte do ano 2015.

Aliás, a DMA define os indicadores de calidade dos ríos, que inclúen a composición e abundancia da flora acuática, da fauna bentónica de invertebrados, e da fauna ictiolóxica, así como o réxime hidrolóxico de caudais, a hidrodinámica, e a continuidade do río, e a calidade química ou contaminación.

Estes indicadores dan significado aos conceptos de "bo estado" e "non deterioración", mais constatamos que, nos ríos galegos, están fortemente afectados polas obras hidráulicas, principalmente, e tamén pola contaminación e a introdución de especies alleas, así como pola destrución de zonas húmidas e a invasión das zonas de inundación por todo tipo de construción, de tal forma que o "estado actual" dos ríos galegos alónxase moito do obxectivo de "bo estado", o que fai necesario un plan de choque para corrixir esta situación e cumprir coa máxima urxencia os obxectivos da DMA.

O principio de non deterioración está vixente desde o ano 2000 pero non tivo efectividade real nos nosos ríos, como demostra a recente autorización de varios proxectos hidroeléctricos nos Ulla, Lerez, Verduxo e Xallas.

Como lexislación "marco", a directiva establece un modelo de xestión e uns obxectivos comúns a nivel europeo, pero que deben ser alcanzados a través de medidas adoptadas a nivel estatal ou local. Porén, constatamos que se están a retrasar os primeiros pasos previstos polo calendario da DMA e que a súa flexibilidade estase malinterpretando como licencia para non afrontar os cambios que a planificación hidrolóxica require.

O Estatuto de Autonomía de Galiza atribúe estas competencias de protección e ordenamento ambiental á administración autonómica, polo que da DMA se derivan novas obrigas para o noso país para avanzar na xestión racional e sustentábel da auga. Como queira que o Goberno Central conserva competencias en materia de planificación hidrolóxica nas chamadas bacías intercomunitarias e internacionais, cómpre xestionar ditas transferencias para Galiza, polo menos no que se refire aos sistemas Miño-Sil, Limia e Támega, como paso previo á configuración das correspondentes demarcacións territoriais nas que deberá participar o Minho e o Douro portugueses.

Por todo isto, resulta necesario, oportuno e de grande interese ambiental e social a elaboración dunha nova lei que concrete e faga efectivos os obxectivos xerais indicados na Lei de Protección Ambiental de Galiza e na Directiva Marco da Auga, e estableza os mecanismos e metas adicionais no eido da protección, conservación e restauración dos nosos ríos.

«Constátase a grave violación do espírito da normativa de avaliación do impacto ambiental, o que deixa indefensa á poboación local afectada e hipoteca o dereito cidadán de acceso á información e á participación na toma de decisións en materia ambiental.»

FALAMOS DE... 

5 DE XUÑO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Como ven sendo obrigado, o ATENEO FERROLÁN, inaugurou o día 3 de xuño unha espléndida exposición de fotografías: 50 fotografías das máis de 100 presentadas ó **Certame Fotográfico de Medio Ambiente** que organizamos anualmente dende hai 15 anos.

O mesmo día 5, domingo, pola mañá participamos na CONCENTRACIÓN e OFRENDA FLORAL ó mar que o Comité Cidadán de Emerxencia convocou no porto de Ferrol. Acto emotivo e sinxelo de desagravio ó mar que tanto aguanta nun día tan significado a nivel mundial.

Ámbalas dúas noticias apenas tiveron eco nos medios de comunicación. Algún moi importante parece que está a aplicar unha especie de "LEI DE SILENZO" cara ó que fai ou no que participa este ATENEO. Na busca dunha xustificación, que terá que habela, atopamos unha recente frase do seu Presidente: "TENEMOS QUE SEGUIR SIENDO LA CONCIENCIA CRÍTICA DEL PODER. DE TODOS LOS PODERES". Ademais de ser esto mentira para todo o que rodea a PLANTA DE GAS, poderá ser que teñen metido ó Ateneo no "listado" de Entidade con PODER????



«Sin Título II» de Oscar Carrasco Ragel

PREMIOS DO 15º Certame FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 05

O xurado estivo composto por JOSÉ BENITO CANCIO, KIKO DELGADO, RODRIGO RAMOS ARDÁ ademais de CRISTINA MEIZOSO ALONSO como secretaria sen voto por parte do Ateneo Ferrolán, reunidos o día 30 de maio de 2005, tomaron os seguintes acordos:

1º PREMIO:
"Sen Título II"
de OSCAR CARRASCO RAGEL de Algeciras.

2º PREMIO:
"Paraísos Vírgenes"
de JOSÉ Fco RODRÍGUEZ NIETO de Narón.

3º PREMIO:
"Sobre Lo Imposible"
de ANTONIO JESÚS PÉREZ de Sevilla.

Se descualificaron un total de 1 traballo dos 94 presentados, por non axustarse ás Bases.
Se seleccionaron 50 das fotografías presentadas a Concurso, para incluír na exposición itinerante.



CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE QUE HOXE SE CONMEMORA, O COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA PARA A RÍA DE FERROL FAI PÚBLICA A SEGUINTE DECLARACIÓN:

A ría de Ferrol é unha gran fonte de riqueza e de emprego que está nunha situación crítica, vítima dun modelo de "desarrollismo" salvaxe (recheos, diques, vertidos urbanos e industriais, etc.). Velaí o mesmo porto exterior cun espigón de abrigo o triple de longo que o do proxecto inicial soamente para a planta de gas e para levar alí os tráficos de carbón, nocivos ou perigosos.

Chegamos ao ano 2005 e queda pouco para que os fondos europeos poidan seguir financiando o saneamento integral da ría de Ferrol. Soamente existe proxecto en construción para a beira norte. Persisten concesións de industrias nocivas ou perigosas, como a de "Forestal del Atlántico" que caduca en xullo do ano 2017, con emanacións á atmosfera que prexudican a saúde dos cidadáns, vertidos ao mar que fan case inútil o proxecto de saneamento integral da beira norte, non existindo proxecto para a beira sur, (Fene e Mugardos), a pesares de que hai financiación europea desde 1989 para levar todos os vertidos depurados fóra da Ría.

Dende hai 20 anos a Unión Europea aposta polo desenvolvemento sustentable. Pero en Galicia, un libro promocionado pola Consellería de Pesca en 1997, propón sacrificar a ría de Ferrol co fin de "tolerar" nela excepcións e barbaridades medioambientais ás empresas que queiran facer negocio à custa de ameazar a vida da poboación próxima, de destruír a riqueza marisqueira e turística e do patrimonio histórico da ría de Ferrol.

Aquí estamos diante da maior agresión medioambiental que se pretende producir en Galicia, que se oculta á opinión pública por uns medios de comunicación "pagados" para xerar muros de silencio, e máis interesados na propaganda dos promotores e dos seus cómplices políticos que apostan por sacrificar a ría de Ferrol e vulnerar a legalidade vixente.

A ría de Ferrol é recuperable. Debemos rexeitar as pretensións dos que queren sacrificala, e non permitir instalacións nocivas e perigosas no interior da Ría, pois agora teñen sitio no porto exterior. Debemos esixir o saneamento integral nas dúas beiras da Ría, un plan de usos compatible cun desenvolvemento sustentable que permita a rexeneración da riqueza natural, o turismo, as actividades deportivas e de ocio. Estas medidas esixidas pola cidadanía aos poderes públicos permitirán recuperar o potencial da Ría e dos seus bancos marisqueiros, como principal fonte de riqueza e emprego en Ferrolterra.

Pese a que a Comisión Europea ten aberto un expediente de infracción, e da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula o procedemento de autorización de Reganosa, os seus promotores, coa complicidade de Fraga, seguen na pretensión de instalar unha planta de gas no interior da Ría, que necesita o subministro anual por máis de 100 grandes gaseiros, todo o cal dentro da Ría poría en grave risco a vida de miles de cidadáns: 40.000 nun radio de tres quilómetros. Ademais, o uso diario de 663.600 toneladas de auga de mar para regasificación, auga que retornaría á Ría clorada e máis fría, xunto co dragado do canal de entrada, destruirían os bancos marisqueiros e os oitocentos postos de traballo.

A ría de Ferrolterra ten unha gran potencialidade de riqueza natural, turística e de emprego, que non se está aproveitando. Despois do saneamento integral das dúas beiras, cando non haxa vertidos industriais e urbanos as augas da Ría, se non se fan excepcións nin barbaridades medioambientais, a ría de Ferrol pode dispoñer dun mínimo de 10 km^2 de superficie productiva, producir máis de 7.000 toneladas anuais de cultivos intermareais, dispoñer duns 2.400 empregos de marisqueo, triplicando os actuais, e facturar 35 millóns de euros anuais, podendo ser a meirande fonte de emprego en Ferrolterra. Pero todo iso se perdería co proxecto de Reganosa dentro da Ría, ademais das perdas que tamén se producirían na potencialidade turística da Ría, no xacemento romano de Caldoval, e no resto de patrimonio histórico.

Seguirase coas actuacións na batalla da planta de gas. Segundo o acordo da V Asemblea Cidadá, celebrada o pasado 12 de maio, por moi avanzadas que estean as obras de Reganosa e aínda que entrase en funcionamento dentro de máis dun ano, seguirase reclamando que a planta de gas se instale fóra da Ría, no porto exterior en construción ou en mar aberto do golfo Ártabro, para o que xa existen proxectos posibles. Nunca é tarde para iso. Antes de que haxa unha traxedia con milleiros de vítimas, sempre se está a tempo de que a planta de gas se instale fóra da Ría. O que farán cos monstruosos tanques é problema dos que se puxeron a construílos dentro da ría de Ferrol sen ter garantía ningunha de que o proxec-



¡A ría de Ferrol é recuperable cun desenvolvemento sostible!

¡Non hai que sacrificala!

¡Defendamos a vida, a Ría e o marisqueo!

¡PLANTA DE GAS FÓRA DA RÍA!





to de Reganosa fose entrar en funcionamento, pois lle falta a autorización de funcionamento, non ten aprobada a Declaración de Utilidade Publica, e tamén ten sen aprobar os gasoductos. Todas esas autorizacións dependen do goberno de Madrid e non do padriño de Reganosa, o Sr. Fraga, que por outra parte pronto desaparecerá da escena política.

A planta de gas non é como outras infraestructuras que soamente ocupan un espazo físico. A planta de gas dentro da Ría ademais é unha instalación moi perigosa, que pode producir accidentes moi graves, que ameazaría de xeito permanente, de día e de noite, a vida de milleiros de persoas. Agardamos que o Tribunal Europeo ou un xuíz dalgún dos Tribunais de Xustiza de Galicia, ou do Tribunal de Madrid, decidan a paralización das obras. Así mesmo agardamos que o Tribunal Supremo ratifique a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de xuño de 2004 que anula o procedemento de autorización das obras de Reganosa.

«A planta de gas non é como outras infraestructuras que soamente ocupan un espazo físico. A planta de gas dentro da Ría ademais é unha instalación moi perigosa ...»

Os tribunais tardan moito en decidir. Hai que saber esperar a que decidan, pero coidamos que o Goberno de Madrid debería paralizar as obras de Reganosa, pois ten competencias para facelo, e polo menos que cumpra coa resposta que lle deu no Congreso dos Deputados o Grupo de Esquerda Unida en novembro do ano pasado, dicindo por escrito ao Goberno que cumprirá a sentenza que emita o Tribunal Supremo. Agardamos tamén que non sexa autorizada a entrada en funcionamento de Reganosa dentro da Ría, e que non lle aproben os gasoductos nin a declaración de utilidade pública.

Facemos un chamamento á poboación e a todos os medios de comunicación para que exerciten os seus dereitos constitucionais de liberdade de expresión sen trabas nin muros de silencio para dar a coñecer a riqueza natural e de emprego da ría de Ferrol, que é recuperable, cun plan de usos compatible co desenvolvemento sostible, trasladando ao porto exterior de Cabo Prioriño os tráficos de mercadorías nocivas e perigosas, todo o cal debemos seguir reclamando ás Administracións Públicas, máxime neste intre, cando Galicia está á beira dun cambio político, que agardamos se produza nas eleccións autonómicas do vindeiro 19 de xuño.

Declaración do Comité Cidadán de Emerxencia, DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE
Lida polo periodista Henrique Sanfiz, Director de Radio Fene **Concentración do 5 de xuño de 2005 no Peirao de Curuxeiras en Ferrol.**

MENSAXE INTERNACIONAL POLO DÍA MUNDIAL DO TEATRO 27 DE MARZO DE 2005

Ariane Mnouchkine [Directora teatral da compañía Théâtre du Soleil]

¡Auxilio!
¡Teatro, venme socorrer!
Durmo, espértame.
Estou perdido na escuridade, guíame, polo menos cara a unha vela pequeniña.
Estou preguizosa, avergónzame.
Estou fatigado, levántame.
Estou indiferente, golpéame.
Sigo indiferente, rómpeme a cara.
Teño medo, dáme coraxe.
Son ignorante, edúcame.
Son monstruosa, humanízame.
Son pretensioso, faime morrer coa risa.
Son cínica, desconcértame.
Son estúpido, transfórmame.
Son mala, castígame.
Son dominante e cruel, combáteme.
Son pedante, búrlate de min.
Son vulgar, cultívame.
Estou enmudecida, desátame.
Xa non soño, trátame de covarde ou de imbécil.
Olvidei, lanza sobre min a Memoria.
Síntome vella e sosegada, fai que salte a Infancia.
Son pesado, dáme a música.
Estou triste, vai buscar a Alegría.
Estou xorda, fai ouvear o Dolor coma unha tempestade.
Estou axitado, fai que se eleve a Sabiduría.
Son débil, ilumina a Amizade.
Son cego, convoca todas as Luces.
Estou sometida á Fealdade, fai entrar a Beleza que conquista.
Fun reclutado polo Odio, fai que dea todas as forzas do Amor.

(Nota da autora: A utilización indistinta do masculino e do feminino é deliberada).

*Tradución do castelán de Maruxa Zaera Landeira.



ARIANE MNOUCHKINE

A traxectoria profesional no mundo do teatro de Ariane Mnouchkine está intimamente ligada, dende os seus comenzos, á compañía francesa Théâtre du Soleil, da que foi a fundadora en 1964, xunto con outros compañeiros provenientes do teatro universitario.

Aínda que esta compañía se caracterizou sempre polo seu traballo de carácter colectivo no campo da investigación na linguaxe teatral para as súas montaxes escénicas, Ariane Mnouchkine foi en boa medida a alma do grupo, pois é ela quen sempre orquestou o labor da compañía.

Dende os seus primeiros espectáculos, como *Los pequeños burgueses* de Gorki ou *El Capitán fracasa* de Théophile Gautier na versión de Philippe Léotard –membro tamén da compañía–, até outros máis cercanos no tempo como *La historia terrible, pero inacabada, de Norodom Sihanouk, rey de Camboya* ou *La Indiada o la Inde de sus sueños*, Ariane Mnouchkine e o resto do Théâtre du Soleil tiveron como obxectivo inventar unhas novas formas de teatralidade, unha arte poética propia da escena cunha forte presenza da realidade humana, social e política do momento. Iso levounos a comprometerse con firmeza na loita pola liberdade e contra as inxustizas. Así pode verse en espectáculos emblemáticos como *1789*, *1793*, *La Edad de Oro*, as do ciclo shakesperiano (*Ricardo II*, *Noche de Reyes* e *Enrique IV*) ou as traxedias gregas postas en pé pola compañía (*Agamenón* e *Las Euménides* de Esquilo e *Ifigenia en Áulide* de Eurípides), sen esquecer tampouco a restitución da forza satírica orixinal de *Tartufo* de Molière, cuxa acción situou a compañía no seo dunha comunidade islamista, na que afloraban o radicalismo das súas tradicións e as prohibicións vexatorias para coas mulleres.



Celebración do Día Mundial do Teatro no Ateneo Ferrolán



O TEATRO EN FERROLTERRA

Por Manuel Basoa Vizoso

Actualmente o teatro en Ferrolterra ten unha forza considerable, pois, debido a unha serie de feitos importantes, como pode ser a recuperación dos Xoves Teatrais, recuperación que fixo o Ateneo Ferrolán no ano 1995 e que despois retomou a Concellería de Cultura do Concello de Ferrol, a creación dunha Escola Municipal de Teatro no Concello de Narón que, por certo, agora se transformou nunha Escola para Profesionais do Teatro, os Sábados Teatrais de Narón, e mesmo os Domingos a Escena do Concello de Ferrol, deron unha forza inusitada aos Grupos de Afeccionados que van coas súas montaxes a toda a provincia, ben nos Circuítos da Deputación Provincial ou ben en programas da Xunta de Galicia, véxase *Galicia nos sentidos* ou *Tempo de lecer* e mesmo en certames teatrais que se fan en moitos concellos da nosa terra.

Por outra banda, hai na Comarca varios concellos e sociedades culturais que organizan xornadas de teatro ou meses de teatro, algún dos concellos que fan estas organizacións, hai uns anos non tiñan ningunha tradición teatral, o que significa que están tomando conciencia de que o feito teatral é unha das actividades que move a cultura nos seus cidadáns e mesmo tentan facer que nos colexios se poña en marcha algún programa de teatro para que os rapaces e rapazas se integren na arte teatral, arte que na miña opinión debería ser obrigatoria nas escolas, pois lles daría aos rapaces unha soltura e expresividade da que carecen e que se aprende no escenario de cara ao espectador.

Hai sociedades culturais, como *Amigos da Paisaxe Galega* do Seixo, que dende o ano 1990 organiza as Xornadas de Teatro en galego, e nas que durante 5 ou 6 días, grupos de teatro fan as delicias da xente e facendo que se encha o local social, aínda que no Seixo xa se facía Teatro na década dos vinte, do século pasado con obras que dirixía o pintor Bello Piñeiro, alma e vida da Sociedade e fundador da mesma no ano 1927. Outro lugar onde dende hai dez anos se está a celebrar un Mes de Teatro é en Santa Mariña do Vilar, onde a Asociación de Mulleres *Amistad* trae grupos de teatro doutros lugares de Galicia e fanse catro ou cinco días de teatro durante un mes. Outro dos labores importantes de cara ao teatro é o Certame *Atenea*, que organiza o Ateneo Ferrolán co patrocinio de Caixa Nova, e no que os colexios de Ferrol e comarca representan obras teatrais, nalgún caso creadas polos propios alumnos e case sempre dirixidos polos seus mestres. Algúns exemplos son: Anxeles Seoane no IES Concepción Arenal, Belén Roca no IES Rodolfo Ucha, Carlos Basoa en varios colexios do Concello de Fene, etc., e tantas outras mestras e mestres que dirixen os grupos que participan no Certame de Teatro *Atenea*, facendo teatro cos seus alumnos en case todos os colexios da cidade.

Hai moitas sociedades que teñen un grupo de teatro. Unha das máis importantes neste eido é a Sociedade *Agarimo* de Sillobre, na que Andrés Picallo leva toda a súa vida dirixindo actores, primeiro en Fene e agora en Sillobre. Así mesmo, en Magalofes fan teatro dentro da Sociedade Cultural, a Asociación de Mujeres *Amistad*, as Mulleres de Esmelle, o Real Coro Toxos e Froles, a Sociedade *A Pombiña* de Pedroso, o Grupo *Bazán* no que Luís G. Ramos está a facer moi bo labor, creando incluso dous ou tres grupos de teatro, a Asociación de Veciños de Limodre, a Asociación de Veciños de Meirás, a Asociación de Veciños do Ensanche A, a Sociedade *Amigos da Paisaxe Galega* do Seixo e moitas máis que non quixera esquecer, pero que son importantes para o desenvolvemento do teatro na comarca.

Hai varios anos, concretamente no ano 1995, o Ateneo Ferrolán retomou os Xoves Teatrais. Neles participaron 16 grupos de adultos e 5 grupos de rapaces, e lembro que unha das propostas era que cada concello de Ferrolterra fixese un mes de teatro, coa participación dos grupos da comarca, o que daría a cada grupo afeccionado a posibilidade de facer 8 representacións, que xa significa un bo xeito de compensar os esforzos de ensaiar durante sete ou oito meses a xentes que fan teatro por afección e que despois de vir do seu traballo de oito horas, pasan o seu tempo libre practicando esta arte teatral da que os que facemos teatro nos sentimos tan orgullosos.

En Mugardos, vila na que durante moitos anos se fixo teatro, mesmo antes da guerra, na Pedreira, os irmáns Romero, sobre todo Andrés Romero, un home que dirixiu aos rapaces do Colexio Loyola, en Redes, que aló polos anos vinte, xa representaron obras clásicas de teatro e despois cando un mugardés, Agustín Iserne foi vivir a Redes, fixo unha serie de representacións de teatro, en Barallobre, Don Elías, o crego, fixo así mesmo teatro polos anos cincuenta, en Limodre o Sr. Ardá e despois Suso Bello e tantos outros que estarán na memoria de moitos dos seus veciños.

Non podemos, naturalmente, esquecer o labor do Real Coro Toxos e Froles no que Amor Soto, Charlón, Hermida e tantos outros fixeron do teatro a segunda actividade do Real Coro.

E que dicir de Quintanilla, Masdías, Comellas, Carballo Calero, e xa máis recentemente as obras que escribe Fra Molinero e ultimamente un debuxante que comezou a facer a súa andaina no mundo teatral, Siro López, así como tamén actores e actrices que saíron desta comarca, Luma Gómez, Elina Luaces, Mabel Ribera "Goya 2005", Roberto Casteleiro "O Caladiño", Pepe Souto, Mos, Paula Carballeira, María Bouzas, Lino Braxe, Deibe, Iolanda Muíños, Xosé Luís Prieto "Premios Max", Bonome e tantos outros que poderiamos nomear, pois quizás me esquecín dalgúns.

Dende estas liñas quero mandar un reto aos concellos da comarca, para que tomen algunha decisión respecto do teatro, e se decidan a facer algún certame ou programación de teatro afeccionado, como fai o Concello de Ferrol, cos seus Domingos a Escena.

Sería moi de desexar que se puxese en marcha aquela idea dos Xoves Teatrais do Ateneo Ferrolán, no ano 1995, na que, se cada concello da comarca lle dese unha actuación a cada un dos grupos afeccionados de Ferrolterra, cada grupo de teatro faría un mínimo de 8 actuacións, co que se fomentaría o teatro e mesmo sería un aliciente para montar unha obra teatral, pois hai grupos que montan unha obra e despois de traballar na súa montaxe 6 ou 7 meses non fan máis que 2 ou 3 actuacións, unhas por intercambios, nas que non lles da nin para os gastos de montaxe, e algunhas, poucas, polos Circuítos da Deputación.

ATENEO FERROLÁN
Venres 13
ás 19:30 h

Entrega de Premios

Representación da obra *Sainete + 1* a cargo do grupo "Contraste", de Estudio de Teatro "N + 1" dirixida por Fusa Guillén.

Organiza: Ateneo Ferrolán
Patrocina: Caixa Nova
Montaxe de son e luces:
Colaboración da Asociación Cultural MAX TEATRO



FALAMOS DE...

O Xurado do 3º Certame de Teatro *Infantil e Xuvenil* *"ATENEA 05"*

"ATENEA 05", que vén organizando o Ateneo Ferrolán co patrocinio de Caixa Nova, composto por: Fernando Ocampo, Esperanza Vidal, María José Doce, Antonio García Pardo e Luis Calvo, acordou o seguinte Fallo:

1) Conceder o premio de *Categoría de Educación Especial* ao grupo de teatro do colexio "Carmen Polo", coa obra *De camiño a Belén*, dirixido por María José Caínzos.

2) Nas categorías *Infantil* e *Primaria* a:

· Grupo da **Escola Municipal do concello de San Sadurniño** coa obra ***O xigante egoísta,*** dirixida por Carlos Mosquera "MOS"

· Grupo "**Ibáñez Martín**", **do colexio Ibáñez Martín**, coa obra ***Pilleite carapuchiña,*** dirixido por Maite Dacosta

· Grupo "**Tamborrada**", **do colexio Manuel Masdías**, coa obra ***Detective na Noite de Reis***, dirixido por Fina Nebril

· Grupo "**Arco Iris**" da **asociación Amigos de Valdoviño**, coa obra ***La verdadera historia de Caperucita***, dirixido por Lucía Caneiro.

3) Na categoría *Xuvenil* o fallo foi favorable a:

· Grupo "***Tixuca***", **do IES Carvalho Calero**, coa obra ***O paseo das esfinxes***, dirixida por Pilar Patiño



· Grupo **Contraste da AC Estudio de Teatro "N+1"**, coa obra ***"2 Sainetes + 1"***, dirixido por Fusa Guillén.

Todos eles recibirán un premio, de igual cuantía, por un total de 250 Euros, doados por Caixa Nova, e un Diploma, que se entregarán no transcurso dunha velada teatral pública, dedicada a todos os participantes de Atenea 2005, que terá lugar o próximo venres 13, ás sete da tarde no Ateneo Ferrolán.


O Xurado quere destacar e valorar publicamente os traballos e esforzos dedicados por parte de todos os grupos participantes, dentro das grandes diferencias de medios económicos e humanos e, moi especialmente naqueles colexios e asociacións onde se conseguiu ese compromiso e unidade no traballo de alumnos, e alumnas, profesores e profesoras e ANPAS.

O Xurado de Atenea 2005 quere felicitar ao Ateneo Ferrolán polo seu compromiso permanente e desinteresado coa cultura, sobre todo na súa base, os pequenos, e a Caixa Nova pola súa sensibilidade e compromiso, así como recomendarlles e alentarlles na continuidade deste Certame.







CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN 17-18
FERROL: CIDADE DA ILUSTRACIÓN

LEMBRÁMOSVOS A TOD@S @S SOCI@S QUE TEDES QUE PASAR POLA OFICINA DO ATENEO A RECOLLER O ÚLTIMO CADERNO PUBLICADO



AS PEQUENAS-GRANDES COUSAS ...

Atópome cuns amigos, unha parella ferrolá. Ela, alumna miña, hai xa tantos anos... deume as gracias cun resplandor na cara que aínda vexo. A súa filla pasou a proba da Universidade con sobresaínte *cum laude*... E por que mo agradecían?

Viñeron ao Ateneo hai un mes buscando información sobre a ría de Ferrol. Alguén lles falou do noso caderno A PERLA ÁRTABRA. Deixámosllo e preparou con el o seu traballo universitario. O resultado foi o dito. Eles satisfeitos, contentos e agradecidos, eu disfrutando feliz, recibindo unha satisfacción e compensación por un traballo ben feito que, ademais do seu contido e do que supón de difusión de coñecementos, serve de apoio para que unha alumna acade unha boa cualificación nunha proba universitaria. O esforzo compensa, cousas do ATENEO ...



FINAL DE CURSO DO NOSO
CLUBE DE LECTURA
DIRIXIDO POR ÁNXELES SEOANE.
MARTES DÍA 7 DE XUÑO DE 2005.

CLUB
DE
LECTURA








LUIS JAIME

CATALOGO E EXPOSICIÓN DURANTE MAIO E XUÑO DO 2005.





¿QUÉ PASA NOS MONTES DE BRIÓN?



Unhas testemuñas gráficas poden suxerir e intentar dar resposta a este interrogante.

Os montes de Chamorro, coma os de Brión, esquecidos durante séculos, é indudable que agochan restos de asentamentos prehistóricos. Hai quen asegura que o establecemento do santuario da Virxe de Chamorro, co que representa de concentración nun punto de todo o fervor popular, puido restar interese e anular por completo toda investigación do entorno. O que é indudable é que nos últimos cen anos todo o que non fose "progreso", industria, chemineas, produción fabril, etc., non tiña interese, nin axudas, nin apoios,.... así nos vai....

Hai iniciativas privadas que tentan, con moito sacrificio e dificultades, investigar estes lugares. ¡¡¡ADIANTE!!!!



PREMIO PRÍNCIPE DE ASTURIAS DAS LETRAS 2005
NÉLIDA PIÑON

Naceu en Río de Xaneiro (Brasil), filla de galegos, e nesta cidade licenciouse en Periodismo.

Membro da Academia Brasileña das Letras, a súa extensa producción literaria recibiu numerosos galardóns literarios e distincións honoríficas.



Entre as súas obras destacan *El tiempo de las frutas* (contos, 1966), *Fundador* (novela, 1969. Premio Walmap), *Sala de armas* (contos, 1973), *Tebas de mi corazón* (novela, 1974), *La fuerza del destino* (novela, 1977), *La dulce canción de Cayetana* (Premio José Geraldo Vieira á mellor novela de 1987) e *La república de los sueños*, galardoada co Premio da Asociación de Críticos de Arte de São Paulo e o Pen Club, ambos ó mellor libro de ficción publicado.

Foi distinguida por unanimidade co Premio Internacional de Literatura Latinoamericana e do Caribe Juan Rulfo, 1995, concedido ese ano por primeira vez a unha muller e a un autor de lingua portuguesa.

A autora carioca foi galardoada en 2003 co **Premio Internacional Menéndez Pelayo.**

As súas obras están traducidas a varios idiomas.

Cos Premios Príncipe de Asturias das Letras foron distinguidos autores da talla de: Mario Vargas Llosa, Günter Grass, Camilo José Cela, Arturo Ulsar Pietri, Alvaro Mutis, Claudio Rodríguez, Carmen Martín Gaite, Miguel Delibes, Angel González, Juan Rulfo, Carlos Fuentes, Augusto Monterroso, Doris Lessing ou Arthur Miller.




ATENCIÓN Ó NOVO HORARIO DE VERÁN

Do día 1 de Xuño ao día 30 de Setembro (ambos incluídos)

- OFICINA: LUNS a VENRES – De 10 a 14 horas.
- BIBLIOTECA: LUNS a VENRES – De 11 a 14 horas.

PECHADO POR VACACIÓNS:
Do 18 de Xullo ao 19 de Agosto (ambos incluídos)





O ATENEO FERROLÁN COMPRÁCESE EN CONVIDARLLES Á **FINAL** DO

XV CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

DATA:
MÉRCORES
31 DE AGOSTO DE 2005

HORA:
8 DA TARDE.

LUGAR:
AUDITORIO FIMO
(PUNTA ARNELA S/N)
FERROL.





ALÍ LMRABET, GAÑADOR DO *I PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERTAD DE PRENSA*

O periodista marroquí Ali Lmrabet recibiu en Ferrol o ***I Premio José Couso de Libertad de Prensa*** en recoñecemento ao seu «compromiso coa liberdade de expresión e a liberdade de prensa nun entorno difícil como é o Reino de Marrocos», segundo o fallo do xurado deste certame, convocado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e o Club de Prensa.

Ao respecto, o decano do CPXG, Xosé Manuel Vega Gómez, sinalou que Ali Lmrabet «representa o significado deste premio», encarcerado no seu país entre o 21 de maio de 2003 e o 7 de xaneiro de 2004 por publicar informacións sobre a familia real marroquí.

Ademais, a xustiza de Marrocos acaba de prohibir a este periodista, colaborador do diario *El Mundo*, exercer a súa profesión no país durante dez anos a consecuencia da publicación no periódico español dunha reportaxe na que narra a súa visita ao campo de refuxiados saharauís de Tinduf, en Alxeria.

Ademais, Vega Gómez explicou que este galardón «é tamén unha homenaxe á familia de José Couso, que segue a buscar por todo o mundo a verdade do porqué da súa morte», e «a todos os periodistas comprometidos en buscar a verdade», así como «unha chamada de atención aos gobernantes para que respecten o dereito dos cidadáns a recibir información libre e veraz».



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O decano do CPXG aproveitou este acto para dar lectura a unha declaración institucional na que se defende un exercicio libre da profesión periodística, na que os medios de comunicación de titularidade pública «non estean controlados polo partido político no poder» e «exerzan un verdadeiro servizo público».

Ademais, na declaración considérase que «non é lexítimo que non se celebren debates entre os candidatos á Presidencia da Xunta de Galicia nun proceso electoral», e engádese que esas confrontacións de ideas se teñen que realizar nos medios públicos.

ÁS CEIBES

Ali Lmrabet recibiu como premio unha reprodución da escultura en bronce de Manuel Patinha «Ás Ceibes», escultura que se inaugurou coincidindo coa entrega do galardón no Cantón de Molíns.

A traxectoria do periodista marroquí foi premiada polos propios colexiados e socios do Club de Prensa, como Ignacio Ramonet, a Cadena Ser ou Luís Gotisolo, entre outros, que escolleron a este profesional entre sete seleccionados.



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

Ao terminar a guerra civil iniciouse unha revolución de traballo en toda España co fin (creo eu) de colocar aos que regresaban do fronte e "recompensalos" dalgunha maneira das penurias que pasaran.

Así que empezaron a construírse grandes bloques de vivendas sindicais chamadas tamén polas xentes "Casas Baratas". Incluso a Construción Naval pasou a ser dirixida por un "Consello Ordenador de Construcións Navais Militares" co fin de aumentar o número de persoal, que por boca de Franco, eran necesarios 8.000 homes para a construción de novos buques e reparación dos que quedaran danados durante a guerra. E así foi. Pero isto trouxo como consecuencia que moitísima xente das aldeas de terra a dentro deixasen os seus apeiros de labranza e invadisen as cidades co consecuente e lamentable abandono do campo.

Había traballo, mais o soldo era pequeno para poder facer fronte á carestía da vida daqueles tempos. A fame era descomunal e o roubar patacas polas hortas era frecuente; e de tal maneira que algunhas xentes das aldeas cercanas aos pobos tiñan que facer garda durante toda a noite para evitar estes roubos. E curiosamente, na estatua de Franco que estaba en San Mateo, apareceu un día cun cartel que dicía: "Este é o ladrón das patacas".

O racionamento era unha miseria, e saír mercar algúns alimentos polas aldeas era expoñerse a atoparse coa garda civil e que che quitasen todo o que traías, e ademais a correspondente multa.

Na primavera do ano 1943, comezaron a incendiarse polvoríns en varios lugares de España, e aquí en Ferrol non podía ser menos; o vello polvorín do Montón de Caranza apareceu tamén unha noite envolto en chamas e proxectís, como se de aerólitos se tratase, acompañados dun estrondo tan tremendo que nos fixo saltar da cama a todos e saír á rúa en panos menores. Levaba eu un ano casado e vivía en Santa Mariña do Vilar en casa dos meus sogros. Moi de madrugada esa grande explosión espertoume e asomeime a ventá para ver o que estaba a pasar; e naquel mesmo momento outro grande estrondo rompeu os cristais da ventá, "con tan boa sorte" que non me feriron na cara, pero si nunha perna. A partir deste momento toda a vecindade saímos cara a Serantes para refuxiarnos nos montes de Chamorro. O meu sogro e mais eu cargamos con algunhas cousas tales como roupa e algo de comida, e Fina, a miña muller, colleu o noso fillo Carducho, que á sazón tiña pouco máis dun mes. E alí, naqueles montes e acompañados doutras familias, pasamos dous días.

Pero, ¿quen prendeu lume ao polvorín do Montón? Ninguén o soubo. Rumores non faltaron, pensando nunha escusa para non participar na "estreada" segunda guerra mundial.

En 1940 empeza a segunda guerra mundial e era esto precisamente o que nos faltaba aos españois para empeorar a nosa lamentable situación. A escaseza era tremenda. O pouco pan que nos daban no racionamento, ademais de ser escaso era malísimo; o aceite, que a pesar de ser España a gran productora deste "ouro" marabilloso, só nos pertencía un oitavo litro por persoa e mes. Si, queridos. Non falo tratando de acusar a ninguén, só tento lembrar a triste historia que nos tocou vivir. A tuberculose nas persoas maiores e a desnutrición nos nenos foron a causa dunha tremenda mortandade en todo o estado.

Eu nunca comprendín como algúns rapaces que estiveran no fronte cando a guerra civil española repetiron incorporándose á famosa "División Azul" loitando a favor de Alemania; e lembro que foron moi poucos os que regresaron vivos á casa.

Outro dos acontecementos daqueles tempos foi a dos "escapados", que así se lles chamaba a uns homes republicanos ou de esquerdas que, escapando da persecución fascista se esconderan polos montes. Non era un grupo de asasinos ao estilo ETA, pero se defendían como podían se eran atacados. Un dos perseguidores máis temible era o famoso garda civil "Sargento Díaz", ao que estes mesmos cribaron a balazos na ponte de Xuvia.

En poucas casas tiñan aparello de radio, pero a maior parte de nós tiñamos un, fabricado coa famosa *galena*, coa que nos podíamos enteirar de algo. Algunhas veces incluso escoitabamos a BBC de Londres e tamén a "Pirenaica", que era unha emisora instalada nos Pirineos por xente que se refuxiou en Francia escapando da ditadura. E desta emisora lembro un gracioso comentario que dicía así: *"El caudillo, la caudilla y la caudillita salieron a navegar en su flamante yate. Pues desde aquí les advertimos que se preparen para el día del naufragio"*.

«A fame era descomunal e roubar patacas polas hortas era frecuente... E curiosamente, na estatua de Franco que estaba en San Mateo, apareceu un día cun cartel que dicía: "Este é o ladrón das patacas".»





A min prodúceme unha certa "rabia" o non ter gardado aquela famosa Galena para poder mostrárllela hoxe aos meus netos; porque, ademais, agora me sería case que imposible lembrar a súa elaboración e montaxe.

Tamén aos fumadores lles chegou un tempo malo. O tabaco escaseaba, pero máis escaseaban os cartos para poder fumar. Así pois, o que quería fumar tiña que mercar un ou dous cigarros no "estraperlo" ou colleitar plantas de tabaco. Ao descoñecer a súa elaboración, secaban aquelas follas ao lume para logo fumar aqueles pitillos que apestaban.

A EMPRESA NACIONAL BAZÁN

Lembro que cando eu era neno, a esta empresa lle chamaban "O Arsenal" ou tamén a "Construtora Naval" e lembro dicir aos meus maiores que fora fundada no 1909 co fin de construír buques para a mariña de guerra, baixo a dirección de enxeñeiros e técnicos ingleses. Na década dos anos corenta aínda a maior parte do mando era de nacionalidade inglesa, e a partir de aí pasou a ser dirixida por un Consello Ordenador de Construcións Navais Militares" pasando máis tarde a chamarse "E.N. Bazán" até cambiar outra vez de nome neste novo século XXI.

Chamoume a atención unha frase que escoitei nunha conferencia relacionada con asuntos de protesta sindical na que se dixo: *"Cando se militarizou a Empresa"*. E eu creo que sempre foi militar, e que todos os da miña época opinan o mesmo; porque un "Arsenal" é unha fábrica de armas, e estas armas eran elaboradas para a defensa militar.

Houbo un tempo no que nesta factoría se fabricaba todo: as turbinas, eixes, caldeiras, servizos de combustible, auga, ventilación, etc. e até os mesmos remaches cos que se cosía o barco naqueles tempos. Pero chegou a modernización da industria e todos estes servizos mercábanselles a industrias auxiliares; e a partir de aquí reduciuse en máis da metade o persoal, e incluso se pechou a Escola de Aprendices, e isto foi o peor para Ferrol e a súa comarca. Pero había que competir porque, como me dicía o meu xefe, o enxeñeiro D. Fernando Barros, que se nós vendiamos o quilo de barco a cen pesetas, en Corea vendíano a cinco duros; e isto era o problema. Así que, modernizarse ou morrer.

A viabilidade da empresa trouxo as súas consecuencias. A ditadura era cada vez máis débil, e as forzas que a tiñan apoiado empezaron a poñerse en contra, tratando de apoiar á clase obreira. Adiantouse a Igrexa, lanzando aqueles chamados "curas comunistas" e creando tamén "Xuventudes Obreiras de Acción Católica" á sombra da cal empeza a formarse "Comisións Obreiras", agrupándose a este novo Sindicato os que clandestinamente se declaraban comunistas.

E aquí, na E.N. Bazán, foi onde empezou con máis forza o rexeitamento ao famoso Sindicato Vertical, cuxos principais opositores foron Rafael Pillado, Julio Aneiros, Loureiro, etc., co resultado de terminar na cadea. Pero ademais todo isto trouxera tristísimas consecuencias.

Hoxe os Sindicatos permitiron (co famoso Gutiérrez á fronte) privatizar todas as empresas; mentres que ao goberno de Felipe González fartáronse de facerlle folgas xerais.

Esta Construtora Naval foi a máis importante de España, e creo que tamén unha das mellores de Europa. Para os que traballamos alí durante máis de corenta anos, esta empresa foi para nós como unha grande universidade laboral. Pasando polas Escolas de Aprendices e os moitos e variados talleres alcanzábase unha calidade profesional de primeirísima clase. Alí reuníamonos os ferroláns e ferrolterráns que, debido a esa convivencia laboral de tantos anos, sentiamos unha irmandade de familia. Son xa moitos os que se foron, pero vivirán sempre en min, coa entrañable lembranza daqueles tempos. Cando se vive durante moitos anos rodeado de tanta xente, sempre aparece algunha anécdota desas que se lembran toda a vida tal como esta, que lembraban algúns homes xa moi veteranos desta factoría. Resulta que en tempos da república, os pintores querían facer unha petición sobre unha mellora que xa conseguiran noutros países máis avanzados que o noso; e para iso comisionaron a un home moi educado e cun grande don de palabra e que ademais era un gran conferenciante nalgúns mítines. Así que, un bo día se presentou o tal Don Julio (que así lle chamaban os seus compañeiros) diante do mestre de pintores e lle dixo:


> "Don Juan, vengo en nombre de mis compañeros, a recordarle que en todas las industrias siderometalúrgicas del mundo se les da a los pintores un litro de leche por persona y día para evitar una posible intoxicación a causa de los componentes de la pintura".
>
> E respóndelle o mestre:
>
> "Bueno, y qué quiere; ¿que yo le compre una cabra?"

Ben, o pobre D. Julio nada alcanzou, e aínda por riba os seus propios compañeiros puxéronlle un alcume: "Leche Cabría".

«Esta sempiterna empresa, ademais de ter parido moitos barcos de todo tipo e beleza, deu ademais outras cousas relevantes que merecen ser lembradas.»

Esta sempiterna empresa, ademais de ter parido moitos barcos de todo tipo e beleza, deu ademais outras cousas relevantes que merecen ser lembradas. Un orfeón que, dirixido polo Padre Fanego, foi un dos mellores de España. E o equipo de fútbol "Arsenal", arbitrado moitas veces polo famoso caranceiro "Cambás", cuxa autoridade no campo era superior á dun xeneral xaponés. E tampouco quero pasar por alto aquel grande equipo de baloncesto que se enfrontou aos bos de España. A piscina, onde o meu bo amigo Luis Pérez Barbrito "o mudo" facía os seus "largos" cada mañá. E, por suposto, ese grupo de pintores, no que eu me inclúo, que ademais de cumprir coas obrigacións da empresa, deixan para a lembranza a beleza da súa obra pictórica.

E todo isto, queiramos ou non, queda aí coma unha pequena parte da historia do noso Ferrol. ꕤ



PARABÉNS Á XXII SEMANA DE FILOSOFÍA. CONFERENCIA DE CLAUSURA DA SEMANA GALEGA DE FILOSOFÍA

Portela culpa a toda a sociedade da desfeita urbanística, sobre todo aos arquitectos e promotores.

Cinco análises dos plurais profesores intervenientes protagonizaron esta Semana de Filosofía, que todos os anos se realiza na AULA CASTELAO DE FILOSOFÍA en Pontevedra. Reproducimos o discurso do **Catedrático** e **Arquitecto César Portela** –cedido por AULA CASTELAO–, que puxo a firma última...

"A arquitectura preserva non só da intemperie física, senón tamén da moral: **arquitectura e vida**".

O territorio galego está formado por centos, milleiros de vales, de diverso tamaño e configuración, que se van acoplando os uns aos outros, e articulando, en tanto que descenden dende as montañas do interior ao mar.

Centos, milleiros tamén, de ríos, riochos e regatos, discorren polo fondo deses vales vencendo os atrancos que atopan ao seu paso, erosionando e arrastrando terras ou furando montañas de pedra, se é preciso, para chegar ao mar.

E do mesmo xeito que ocorre coa orografía e a hidrografía, ocorre en Galicia cos seus habitantes, que, dende tempos inmemoriais, veñen protagonizando unha longa marcha que os leva, xeración tras xeración, a desprazarse dende as terras do interior ata a costa, arrastrados por esa forza imparable, por esa atracción inevitable que o mar exerce, e que acaba por convertirnos a todos os galegos en mariños, mariñeiros, ... ou *marineros en tierra*. E que nos impulsa a navegar ou, simplemente, a sentarnos nunha rocha ou na area dunha praia, e ver, entrever ou soñar eses mundos misteriosos, entre néboas, iluminados por faces de luces fantasmais de faros ignotos, que excitan a nosa imaxinación e nos converten en navegantes solitarios dun mar de melancolía, soidade e saudade, en náufragos dalgunha singradura.


Non hai moito que tivo lugar neste Mar unha catástrofe de magnitude aínda incalculable, que transformou esas augas claras e transparentes, que aos galegos da costa nos aportaban sensación de liberdade, aos do interior de esperanza, e a todos nos limpaban a vista e alumeaban a alma, nunha mancha espesa, viscosa, sucia, negra, ... nun inferno.

A estas alturas, aínda sen poder establecer o balance definitivo desta catástrofe, é posible afirmar que farán falla bastantes anos para recuperar o ecosistema mariño e tamén a moral das poboacións asentadas no borde litoral. Quizais tantos anos coma os que hai –máis de 25– que Álvaro Cunqueiro, o gran escritor galego da segunda metade do século pasado, dicía: *"nuestras gentes del mar ahora deben saber que hay un monstruo, una enorme bestia imprevisible que se llama petrolero, que viaja constantemente hacia nuestras costas y que hay que exigir que desde que aparezca en ellas sea dominado como Dios dominaba a Leviatán... bien escoltado a babor y estribor y que vomite como el perro del gran Turco en el pozo que le está destinado... (si no es así)... Podemos asistir a la muerte del Mar... a la muerte de nuestro mar... Todo depende de que tres o cuatro bestias de estas hociquen contra el Finisterre y se desangren. Es muy sencillo. Es perfectamente previsible..."*

O alcance aínda provisional dos danos producidos na flora, na fauna e na paisaxe mariñas é desolador. Non vou tentar aquí de describilos, nin tan sequera de enumeralos, por ser de todos coñecidos, pero si apuntar que, sen dúbida, o maior de todos eles procede da falla de credibilidade nas institucións, tanto políticas como administrativas. Tamén da desconfianza ante certos medios informativos que sumiron na incerteza, no desazo e na indignación aos afectados directos e indirectos, é dicir, a todos aqueles que posúen o mínimo de sensibilidade necesaria para sentir como propia esta desgraza.

Porque, con ser gravísima a destrución dunha boa parte do medio natural e da riqueza do país, aínda son máis graves as consecuencias provocadas pola marea de noticias contraditorias, e de mentiras, que acompañou á outra marea, a negra, e que sumiu no desconcerto, a inseguridade e o desamparo a todos os afectados. A ausencia de información veraz que acompañou todo o penoso pro-

«*Podemos asistir a la muerte del Mar... a la muerte de nuestro mar... Todo depende de que tres o cuatro bestias de estas* [petroleros] *hociquen contra el Finisterre y se desangren. Es muy sencillo. Es perfectamente previsible...* (Álvaro Cunqueiro)».




ceso dende os seus comezos foi, sen dúbida, o máis grave de todo o acontecido. Porque a desgraza ocorrida, como calquera outra desgraza, conleva como contrapartida o estímulo da solidariedade, une ás xentes, estreita lazos xa existentes, tece novos lazos, ás veces insospeitados e sempre marabillosos, como se encargou de demostrar a lexión de voluntarios que, procedentes dos máis diversos países, acudiron, sen contrapartida, a axudar no que fixese falla. A mentira, polo contrario, aínda dita con pretendidas boas palabras, como ocorreu naqueles días, divide, enfronta, envelena todo o que alcanza, mata a confianza, acaba destruíndo a relación entre as persoas, entre estas e as institucións, e ensuciando non só as praias, senón tamén as mentes e os corazóns.

Pero en Galicia non é só esa marea a que nos ameaza. Por iso, ao tempo que nos indignamos –e con razón– pola falla de previsión, a ineficacia e a terxiversación informativa do acontecido, con ocasión desta Marea Negra, non estaría de máis lembrar, e indignarnos, con esas outras mareas: unha que asola os nosos montes enchéndoos de especies vexetais como o eucalipto, que non só nos priva da riqueza cromática tradicional dos nosos montes e nos escamotea as estacións do ano, e polo tanto o goce do tempo, senón que ameaza con acabar cos manantiais, cos acuíferos e con eses milleiros de regatos, riochos e ríos, mermados sen eses vitais recursos hídricos. E outra marea, a edificatoria, que nas últimas décadas se propaga e avanza inexorablemente, neste caso dende a costa cara ao interior, destruíndo a xeografía, a historia, a natureza e a singular e fermosa paisaxe deste país, e que se estendeu, colonizou e degradou as nosas costas, os nosos pobos, as nosas cidades, menosprezando aos usuarios, sen, en xeral, máis consideracións que as puramente especulativas e de mal gusto.

«... a arquitectura é a expresión material de como pensa, sente e se manifesta unha sociedade nunha época e nun lugar determinados.»

Tense dito, e con razón, que a arquitectura é a expresión material de como pensa, sente e se manifesta unha sociedade nunha época e nun lugar determinados. E como se manifesta, sente e pensa, en xeral, a sociedade galega actual queda claramente expresado cando contemplamos a produción arquitectónica que, nas últimas décadas, ten destruído unha gran parte do territorio e das cidades, sen a menor consideración. E isto ata tal punto que parece que mentes perversas se tiveran dedicado a localizar os ecosistemas naturais máis ricos, os lugares máis fermosos e máis peculiares, os de máis encanto pola súa situación xeográfica e climática, pola súa tradición histórica, pola identidade e peculiaridade da súa arquitectura tradicional e dos seus habitantes, pola singularidade dos seus costumes e do seu folclore, para acabar substituíndo ou superpoñendo a todo isto a falsidade, a vulgaridade, a estandarización máis banal, ... a destrución, en definitiva, dos seus valores máis auténticos.





De todo isto son responsables os promotores, os arquitectos, os construtores, os propios usuarios e, como non, as diversas administracións que teñen impulsado ou, polo menos, consentido, semellantes actuacións, cando a súa obriga era velar por que o resultado fose outro ben distinto.

Pero pese ao desastroso e masivo resultado desta arquitectura, existen exemplos, poucos pero significativos, que demostran que tería sido posible conquerir algo ben diferente. Digo que existen algúns exemplos, aínda que poucos, que demostran que, cun pouco máis de competencia profesional e de esforzo por parte dos arquitectos, cun pouco máis de imaxinación e un pouco menos de ánimo de lucro por parte dos promotores, cun pouco máis de vergoña por parte das diversas administracións e un pouco máis de respecto de todos para cos usuarios, e destes para consigo mesmos, tería sido posible construír o territorio, os pobos e as cidades, enriquecéndoos e sublimándoos con novas actuacións urbanísticas e edificatorias, en lugar de telos destruído.



Á sociedade en xeral, ben sexan arquitectos, construtores, promotores ou turistas, ou simplemente usuarios, e ás administracións públicas, non estaría de máis lembrarlles, ao fío do que estamos dicindo, que non é fácil, pero tampouco imposible, facer unha arquitectura diferente e máis satisfactoria para todos; unha arquitectura máis espontánea, máis flexible, máis imaxinativa, máis libre, ... máis viva e á vez máis respectuosa co entorno e máis afectuosa cos homes, que cree espazos diversos, de uso múltiple, onde o dentro e o fóra, o estar e o pasear, o ocio e o traballo, a privacidade e a comunidade, non sexan conceptos excluíntes; unha arquitectura menos anódina, menos estereotipada, menos dogmática, menos xerarquizada, menos perversa, menos represiva e menos dependente tecnolóxicamente, que responda a parámetros non exclusivamente métricos e económicos; unha arquitectura máis sinxela, máis cálida, máis atractiva, máis estimulante e á vez máis relaxante, máis lúcida, máis confortable para os corpos e para os espíritos, que admita ao home sen desconfianza; unha arquitectura enraizada co pasado sen chegar a ser folclórica, aberta a todas as posibilidades que o presente ofrece, e capaz de captar lúcidamente o futuro; que aprenda da tradición pero en ningún momento se deixe arrastrar polo vernáculo, que aprenda da modernidade pero sen apuntarse ás modas, que tome da tradición a experiencia contrastada, a expresividade, a sinceridade, a frescura, esa aparente inxenuidade, a forza do obvio, a naturalidade para insertarse no contexto, ... e que da modernidade aprenda a ser vangarda, a buscar o máis alá, a emoción da viaxe, o choque co novo, pero sen evadirse da realidade.

Unha arquitectura de formas puras, sobrias, precisas e rotundas, que constrúa espazos sereos, cálidos, imaxinativos, plenos de sensualidade, limpos de xestos innecesarios, sen complexos, sen falsas pretensións, que non aparente aquilo que non é; unha arquitectura que administre e dosifique os medios económicos e materiais de que dispón mediante o exercicio dun rigoroso oficio para mellor solventar os problemas sociais, espaciais e construtivos, sen renunciar en ningún caso á fantasía. Unha arquitectura feita con plena participación dos usuarios, arraigada no que uns chaman idiosincrasia e outros patrimonio xenético, aberta ao coñecemento e ao intercambio, fiel reflexo da súa situación socioeconómica e da súa estrutura mental e emocional, pensada tanto no usufructo colectivo como na posesión privada; mostra permanente de valores culturais, e resultado da capacidade creativa dos que a promoven, a constrúen e a habitan; feita con materiais sinxelos e asequibles, e con técnicas construtivas depuradas pola tradición e enriquecidas pola sabiduría popular, pero que non renuncie á investigación e á incorporación de novos materiais e técnicas construtivas; unha arquitectura prevísora e comprometida co futuro e apoiada en parámetros de sustentabilidade; que sexa resultado, en definitiva, dun proceso lóxico interno, e non dunha praxe allea, imposta dende fóra, sometida exclusivamente ás leis do mercado, e humillante para quen a promove, para quen a proxecta e a constrúe e para quen a habita.

Entón estariamos en situación de falar do territorio, entendéndoo, non como algo residual ou complementario, non como suma de terreos meramente especulativos, medidos en metros e valorados en pesetas ou euros, aptos para realizar negocio, senón dun territorio entendido como un súper obxecto espacial con identidade propia, arquitectonicamente construído. Dun territorio constituído por conxuntos de edificios e de terras e habitado por persoas, integrado por materiais orgánicos e inorgánicos, dotados de formas e funcións diversas, que revelarían unha organización complexa na súa estrutura, cambiante no espazo e co tempo, e animado pola vida. A arquitectura do territorio, así entendida, sería un conglomerado de formas e funcións, pero tamén sería unha memoria, un mito e, sobre todo, sería a capacidade de emoción que conseguise desatar en cada suxeito que a contemplase e a utilizase, é dicir, que a vivise. Unha arquitectura na que conflúan os froitos da terra, as obras do home e os produtos da industria. Tamén a xeografía, a historia, e a cultura de cada pobo. Todo isto coas súas formas, as súas funcións, a súa estrutura, a súa memoria, os seus mitos e as súas emocións. Unha arquitectura que se acenda coa luz e se apague coas sombras, que cambie coas estacións do ano, que transmita por ósmose unha atmosfera serena e alegre á vez, que acabe por dignificar a quen a promove, a proxecta, a constrúe e a goza.

Unha arquitectura que, pese a todas estas consideracións, non debería alcanzar maior custo económico. E en todo caso, a diferenza, seguro que a aforrariamos dabondo, os arquitectos, os promotores e os usuarios, en pastillas para os nervios e as depresións e en consultas a psicanalistas e psiquiatras.


Unha arquitectura que, sen renunciar á beleza, persiga por enriba de todo a verdade, como nos recordaba Celibidache que tiña que ser a música e mais a arte en xeral, como debería ter sido a actitude e o comportamento de todos: políticos, funcionarios e periodistas, ante un feito tan terrible como a Marea Negra que devastou as costas galegas.

En Galicia repetiuse até a saciedade un slogan: NUNCA MÁIS.

A ver se é verdade, porque como ben dicía André Malraux:

"... o futuro será outro, ben diferente, ou non será".

«Unha arquitectura que, sen renunciar á beleza, persiga por enriba de todo a verdade»



MORTE NO AIRE III

A MALDICIÓN DO AMIANTO

Carlos Piñeiro Díaz
Médico

Século XX, o século do amianto: A longa conspiración do silencio

No século XX desenvólvese o paradoxo do amianto: cualificado pola industria como o mineral máis marabilloso do mundo(1), obriga a non admitir que as partículas minerais nos pulmóns sexan a primeira causa de morte nos traballadores e nas traballadoras das novas industrias do asbesto(2). A industria do amianto suprimiu a información sobre a carcinoxenicidade do asbesto, impedíndose o desenvolvemento das advertencias ás persoas expostas no traballo ao amianto. Como resultado, expuxéronse millóns de obreiros e obreiras ao carcinóxeno, e centos de milleiros morreron(3).




Publicidade dunha das "múltiples e marabillosas" aplicacións do amianto

En España tamén se produce neste século o impacto industrial do amianto, importando e consumindo máis de dous millóns de toneladas deste material entre os anos 1965 e 1985, que hoxe recobre teitos, tellados, paredes, tubos de condución de augas e de gas, freos, embragues, sistemas de aireación e calorifugado dos trens, barcos, centros de ensino, hospitais, oficinas bancarias, etc., que están ocasionando unha auténtica epidemia de cancro de pulmón e de pleura (casos de mesotelioma maligno) procurando máis de 50.000 mortes nos próximos trinta anos. Estas vítimas do amianto esixen medidas de protección social consistentes en vixilancia médica específica, recoñecemento de todas as patoloxías provocadas pola exposición ao amianto como enfermidade profesional, prexubilación de toda persoa afectada a partir dos cincuenta anos cumpridos e a creación dun fondo de indemnización das persoas afectadas, medidas aínda non acadadas no século XXI, agás no primeiro apartado, froito dunha longa conspiración do silencio.

As vítimas do amianto sempre foron excluídas e esquecidas, pero deixaron de ser estatísticas para converterse nun drama colectivo de dimensións sociais imprevisibles. Non están dispostas a morrer no silencio e rebélanse pregando xustiza. (Debates no Ateneo Ferrolán, maio 1994, Xornadas "Amianto Stop").

Aproximación á historia das consecuencias do amianto no século XX

No comezo da denominada Medicina Científica, no ano 1906, débese ao médico inglés H. Montagne Murray a descrición dun caso documentado de pneumoconiose por amianto ou asbestose, fibrose pulmonar intersticial progresiva e irreversible, doenza responsable da morte dun traballador téxtil de trinta e tres anos (do sector da cardadura) e que era o único supervivente dun grupo de once compañeiros, cunha vida media de trinta anos na súa morte. Esta observación provocou unha pregunta gobernamental no Reino Unido sobre compensación económica nas enfermidades industriais no 1906, pero non foi incluída como enfermidade industrial a exposición ao amianto. No mesmo ano o inspector francés Auribault informou da morte de cincuenta mulleres do téxtil do amianto por exposición ao asbesto.



Escasa protección dos obreiros do amianto no téxtil do Reino Unido (1920)



No ano 1910, Collis intentou demostrar os factores de risco da exposición ao asbesto facendo experimentos pioneiros con ratas no 1911 e mostrando a sospeita da causa das enfermidades pola inhalación do po de amianto. Suscitouse así a necesidade de instalar sistemas de ventilación para a descarga nos procesos poeirentos, pero foi rexeitado polas empresas do momento por considerar que "as evidencias de lesións eran insuficientes". No ano 1917 o Departamento de Factorías do Reino Unido non atopa evidencias suficientes para adoptar medidas de prevención e no 1918 as Compañías de Seguros de Canadá declinan asegurar a cobertura dos traballadores do asbesto.


As compañías que manufacturaban, vendían e instalaban produtos de asbesto dispoñían de coñecementos científicos dos riscos mortais do amianto nos primeiros vintecinco anos do século XX.

No ano 1924, en Rochdale, casa da factoría de asbestos da Turner Brothers desde 1880, Nellie Kershaw foi diagnosticada da súa morte a causa do "envelenamento" polo amianto. O doutor Joss fixo a pesquisa e o exame patolóxico foi corroborado polo Dr..Cooke. O caso foi escrito na literatura médica no 1927. En Leeds, onde estaba situada outra factoría da Turner Brothers, un médico local atopou suficiente número de casos para facer unha tese de doutoramento (Grieve, 1927). No ano 1930 houbo polo menos doce mortes por asbestose entre obreiros destas dúas fábricas e no resto do Reino Unido.

O Dr. Mereweather, médico inspector de fábricas, e C.W Price, inspector de factoría e pioneiro na monitorización e control do po de amianto, realizaron un estudio científico da saúde dos obreiros do amianto, e atoparon que o 66% dos obreiros con máis de 20 anos de emprego sufriron asbestose, comparándoos con outro grupo de obreiros con menos de catro anos de emprego, sufrindo a enfermidade un 25% dos 363 totais estudiados. As súas conclusións científicas naqueles tempos eran clarividentes:

- A asbestose era unha enfermidade cun período de latencia, é dicir, que os obreiros expostos ao amianto non mostrarían sinais de lesións durante moitos anos.
- Que o po do asbesto tiña que ser controlado a través da ventilación e co uso de respiradores.
- Que os obreiros expostos o asbesto deberían informarse e deberían advertirse para asegurar unha apreciación sensata do risco.
- Que os productos acabados creaban po que debería controlarse e minimizarse.

A descrición médica do Dr. Mereweather da enfermidade provocada polo amianto reflexa a descrición exacta da enfermidade actual.



Entre os anos 1930 e 1931, Soper, Panacost e Pendergrass confirman a progresión das enfermidades despois de rematar a exposición ao asbesto, descubrindo un período de latencia (ata aparecer a enfermidade) de máis de 15, 20 ou 25 anos.

Estes resultados levaron, no 1931, á primeira regulación no mundo do po do amianto, á vixilancia médica e ás reparacións con compensacións económicas.

No ano 1932, un investigador independente, Ronald Tage, nun informe do congreso da Trade Union destacou tres casos de asbestose da compañía Cape Asbestos en Barking (Londres) asociados co cancro. En 1933 Donnelly describe as exposicións curtas ao amianto como un serio risco industrial definido, considerando o uso dos equipos de protección como inadecuados.

En 1933 Ellman publica o primeiro caso de asbestose nos Estados Unidos nun obreiro do illamento.


Informes posteriores do cancro pulmonar asociados co asbesto apareceron en Estados Unidos, Alemaña e Reino Unido, na literatura dos anos trinta e corenta (Lynch and Smith, 1935; Gloyne, 1935; Wedler, 1943; Heuper, 1942), e incluso no ano 1938 no Informe do Inspector Principal de Fábricas. No ano 1938, cando o cancro de pulmón era moito menos prevalente, as autoridades alemanas foron persuadidas de que a asociación era causal entre o amianto e o cancro de pulmón, feito polo cal era unha enfermidade compensable no ano 1943.

En 1934 o médico Thomas Legge propuxo a inclusión da asbestose como enfermidade profesional en Inglaterra.

Unha alta porcentaxe de cancro de pulmón atopouse na autopsia de casos de asbestose, segundo informou o Xefe Inspector de Fábricas no Informe Anual de 1949, e a industria dispoñía de dúas publicacións inéditas de exceso de cancros respiratorios nos ratos de experimentación (Scheper, 1995).

No 1942 o Dr. Heuper, médico ocupacional recoñecido e primeiro xefe da sección de cancro medioambiental do Instituto Nacional do Cancro, suxire que o amianto é a causa da asbestose así como do cancro tanto no proceso industrial como a través dos produtos acabados dos edificios e no illamento e condensado dos materiais. No 1949 o Dr. Heuper advirte que o asbesto é un risco de cancro para a poboación xeral. Nese tempo había máis de duascentas referencias na literatura cien-

«No 1949 o Dr. Heuper advirte que o asbesto é un risco de cancro para a poboación xeral.»



«En España, no ano 1976, CC.OO da factoría de Uralita de Sevilla promove os primeiros informes sobre os perigos do amianto, propoñendo revisións médicas e reclamando a prohibición do amianto azul.»


tífica e médica con respecto ao asbesto e a enfermidade.

No 1943 infórmase do primeiro caso de mesotelioma (cancro de pleura), pero non se demostrará a relación co amianto ata o ano 1955, cando o Dr. Sleggs, un médico local de África do Sur, investiga casos raros de cancro nas áreas mineiras do amianto e remite algúns ao patólogo Dr. Wagner. Demostrouse a asociación entre a exposición ao amianto e o mesotelioma en 47 casos (e incluso en casos de nenos expostos en vertedoiros). Publicaron os seus descubrimentos no ano 1960.


No ano 1953 a compañía Turner Brothers contratou un epidemiólogo independente chamado Richard Doll para coñecer a evidencia de cancro pulmonar nos obreiros do amianto e estudar a súa mortalidade. Atopou un risco de cancro pulmonar nos traballadores expostos ao asbesto durante 20 anos ou máis, que era 10 veces superior ao da poboación xeral. A pesar dos esforzos dos directivos da Turner Brothers para suprimir estes resultados, foron publicados na literatura médica no ano 1955. Porén, tiveron que pasar trinta anos para que fose aceptada a relación co cancro de pulmón e ser compensado polo goberno inglés como enfermidade industrial e iso só se era acompañada pola asbestose.

En 1964 a Academia de Ciencias de Nova York convocou una conferencia reunindo a todos os científicos que investigaban os problemas do asbesto a nivel internacional, onde se destacaron os efectos adversos do amianto e se solicitaron a adopción de medidas para evitalos.

No ano 1964 é aceptada polos científicos a relación causal do amianto co mesotelioma (cancro de pleura mortal), baseándose principalmente nos estudos do Dr. Selikoff en Estados Unidos e do Dr. Newhouse en Inglaterra (os dous traballaban de forma independente da industria). De 392 obreiros dedicados ao illamento industrial e con máis de vinte anos de exposición ao amianto, Selikoff, no ano 1964, atopou 339 persoas afectadas de asbestose. O cancro de pulmón estaba sete veces por enriba do normal e un número deles presentaba mesotelioma. Newhouse traballou co arquivo de enfermos con patoloxías a longo prazo do Hospital de Londres de entre os anos 1917 e 1964, e descubriu 76 casos de mesotelioma. O 50% dos afectados enfermaban por exposición profesional ou doméstica (vivir na casa cun obreiro do amianto) e un terzo dos restantes vivía na proximidade da factoría Cape Asbestos.



As regulacións sobre o amianto do ano 1931 puxéronse ao día no ano 1969 no Reino Unido, onde a Sociedade Británica de Hixiene Profesional dá unha cifra estándar de seguridade para o cristilo (amianto branco) de dous millóns de fibras por metro cúbico de aire (2 fibras/ml). A pesares destas medidas normalizadas non se tiveron en conta os riscos do cancro pola exposición ao asbesto e se asociaron cun alto nivel de asbestose. Un de cada dez traballadores acadaría a enfermidade relacionada co asbesto con este nivel de po de amianto.



Dr. Selikoff

En 1970 Selikoff fai un estudo sobre 17800 traballadores neoiorkinos do illamento, estimando o rsico de cancro de pulmón en 4,16 veces maior que o dos traballadores da poboación xeral.

En España, no ano 1976, Comisións Obreiras (CC.OO), aínda ilegal, da factoría de Uralita de Sevilla promove os primeiros informes sobre os perigos do amianto, propoñendo revisións médicas e reclamando a prohibición do amianto azul.

Xeneralización do uso do amianto

Máis de tres mil produtos derivados do uso do amianto foron utilizados no século XX e hai publicados máis de cincocentos artigos na literatura científica ata o ano 1969, que se ocuparán de resaltar os efectos mortais do amianto nas fábricas e nas súas proximidades. Na década dos anos setenta acádase o uso masivo destes produtos, afectando a sectores como a construción naval onde os "buques de amianto" serán obxecto da análise no próximo capítulo, pois trinta ou corenta anos máis tarde renderase un tributo mortal. 88

NOTAS:

(1) A.L. *Summers Asbestos and asbestos industry* (1919)

(2) Titular do Rochdale Times, 2 de abril 1924 ("Asbestos worker´s death : mineral particles in lungs The first cause").

(3) American Journal Public Health. 1991 Jun; 81(6):791-800. "The silence: The asbestos industry and early occupational research –a case study". Lilienfield DE. Mount Sinai School of Medicine, Dep. of Community Medicine, New York.



FERROL MEDIEVAL II "O BERCE"

Á VILA DE FERROL NA TERRA DE TRASANCOS


Por Andrés José Pena Graña

I- DO CASTRO Á *UILLA *FERREOLI*.

Ferrol é hoxe o máis importante lugar de referencia da Terra de Trasancos. O topónimo procede, seguramente –aínda que existen outras posibilidades–, dun antropónimo latino, *Ferreolus*, acaso un *possesor* dunha *uilla* fundiaria galaico-romana que podería ter desaparecido debaixo dos modernos arsenais. A devandita *uilla* sería a herdeira e a continuadora, se non da localización xeográfica, si do mesmo espazo xurisdicional que antes tivera o castro do núcleo de Ferrol Vello, rexistrado na toponimia. Despois chamóuselle *uilla Ferreoli* a unha casa e espazo articulativo altomedieval. E para desfacer o nó deste enleo, remito ao lector de *Atenea* ao meu cadro evolutivo do sistema. Haberá que agardar até principios do século XIII para que apareza por vez primeira, fundada *ex novo* polo rei de Galicia Alfonso IX, a Vila de Ferrol, cidade medieval erixida no lugar ocupado polos anteriores espazos. Ferrol, por mor desta fundación entre o 1202 e o 1214 dC, xa que logo, está, se non o fixo xa, a piques de cumprir e de celebrar como núcleo urbano os seus setecentos anos de existencia.



I.1- A Terra de Trasancos.



CONCEPTO, ADSCRICIÓN CULTURAL
E PERVIVENCIA DO TERRITORIO POLÍTICO
CELTA NO NOROESTE PENINSULAR


Ferrol pertence á Terra de Trasancos. A Terra de Trasancos foi unha *treba* celta e una *terra* medieval. Ambos termos equivalen hoxe ao de *bisbarra*. Son consciente do arraigamento do termo *Ferrolterra*, termo acuñado polo poeta e polígrafo coruñés Álvaro Paradela, pero non hai que esquecer que a nosa bisbarra xa tiña un nome de seu. Antes de entrar en materia establecerei o carácter institucional e a adscrición cultural dos territorios políticos celtoatlánticos, a súa distribución xeográfica en Galicia e a metodoloxía que se debe seguir para unha correcta redución topográfica dos mesmos.

Como se deduce do feito de que o *territorio político* –como Trasancos– se defina no NW coa palabra indíxena *treba*, "casa" (latín *tribus*, unbro *trifu*, irlandés *trebad*) ou *toudo*, "pobo", "nación" (ie. *teuta*, irlandés *túath*), termos ambos os dous da soberanía doméstica e clientelar, da "casa nobre" ou da "tribu", o territorio político foi un verdadeiro nódulo ou xermolo de estado ou de protoestado, correspondéndose cun sistema articulativo territorial baseado na bisbarra, tipicamente céltico. Estas comarcas son unidades políticas demarcadas de función soberana dúplice, e propiedade familiar de nobres estirpes en réxime *pro-indiviso*.

Dende a época prerromana ata o século XII da nosa era, dun modo similar a como os reis acumulaban reinos e dividían estes indivisibles reinos entre os seus fillos, os grandes nobres, donos, case soberanos en realidade, de moitas destas bisbarras, pódenas *at-tribuere*, "atribuír" (xuntar *tribus*) mediante enlaces matrimoniais ou desatribuír repartíndoas entre os seus fillos.

«Estas comarcas son unidades políticas demarcadas de función soberana dúplice, e propiedade familiar de nobres estirpes en réxime *pro-indiviso*.»

emarcacións das Dioceses Territoriais adscritas á Sé
iense no Concilium Bracarensem secundum, in era
CX, ano 572, e na Divisio Teodomiri feita no Conci-
um Lucensis, ano 569. Perviviron ó longo da idade me-
a, e en boa parte ate hoxe, cos seus límites practicamen-
intactos. A duplicidade na función soberana territorial
ltica mantivese no cristianismo na proliferación da dió-
ses de xurisdicción territorial a partir do ano 314.



Ao longo destes papeis iremos explicando qué significa todo isto que parece tan complicado pero que é moi sinxelo de comprender. As terras ou bisbarras estaban formadas na Idade do Ferro no seu interior por una retícula de *castella* ("castros") ou *domi* ("casas") pertencentes a un *dominus* ("señor"). Estes castros excedían ás veces –como é o caso da Terra de Trasancos– o medio cento. Estes castros configuraban dentro da *treba* unha sucesión de espazos que eran verdadeiros coutos xurisdicionais ou *casas* nobres, todas elas iguais en xerarquía. Ligábanse estes castros e os seus donos entre si por lazos parentais ou veciñais. Un señor podía ser (Pena, 2001) dono de catro, de dez, ou de máis castros á vez dentro dunha *treba* –como un apicultor é dono de moitas colmeas. Todos estes señores donos de castros estaban á súa vez suxeitos verticalmente, e dependían do *princeps* da *treba*, territorio político ou *terra*[1]. Esta dependencia expresábase mediante un complexo entramado clientelar (Pena, 1992-2001) e de mutua dependencia.

Este sistema de artellamento político e territorial é típicamente celta e está espallado polo Atlántico europeo, polas Galias e polas Illas Británicas. A Terra de Trasancos foi un territorio político celta durante moitos séculos. O territorio político –tamén chamado *treba*, *tribu*, *terra*, *comissum*, etc.–, berce da bisbarra galega, concíbese como un amplo espazo xurisdicional, con máis de 130 km-2 por termo medio. Recibirá durante a dominación romana os nomes de *civitas*, *populus* e *respublica*, termos alusivos a un mesmo obxecto institucional. É incorrecto interpretar o paso dunha denominación a outra como indicio de cambios estruturais promovidos dende fóra do sistema pola acción aculturadora, e administrativa, do Imperio Romano.

Como demostramos por primeira vez en 1992, ocupando na maioría dos casos a mesma extensión que teñen aínda hoxe os antigos arciprestados e unha superficie similar á que teñen as comarcas tradicionais, terras como a dos *Trasanci* "Trasancos", a terra dos *Lapatianci* , "Labacengos", a terra dos *Arroni* ou *Arrotrebae* "Arrós", ou a terra dos *Nemiti*, "os dos Santuarios =cf. o Románico Eumés", ou "Nendos", son bisbarras ou comarcas naturais artelladas arredor dun fértil val e a suma de todos os espazos xurisdicionais acoutados: os castros ou *domi*, únicos hábitats da *treba*.

Este sistema organizativo *doméstico* procedente da Idade do Ferro chegará ata a Idade Media da man das *terrae* ou *territoria* e *comissa* con todo o seu armazón institucional intacto (Pena Graña 1992-2001), e conservando en moitos casos a súa denominación orixinal (López Cuevillas), como sucede no caso das mencionadas Terras de Labacengos (*Lapatiancorum*) e de Arrós (*Arroni ou Arrotrebae*), ou no caso da Terra de Bergantiños (pos. *Brigaecini?*, **Brigantini* "os da deusa Briga ou Brigantia, a Brigit irlandesa ou a Santa Bríxida galega), da Terra de Lemos (*Lemavi*), da Limia (*Limici*), de Valdeorras (Val de *Geurros* –*Gigurri*–), etc., nomes que coa súa dúplice estrutura organizativa política e relixiosa indemne perdurarían na maioría dos casos ata finais do século XII e, nalgúns casos, ata hoxe mesmo, dándose o paradoxo de que, sendo Galicia o país da Europa atlántica que mellor as conservou, intactas, e por máis tempo, estas estruturas foron invisibles para os anticuarios e para os medievalistas do país e practicamente ignoradas por mor do absoluto descoñecemento do sistema articulativo que nós presentamos en numerosos papeis (entre 1992-2001), aínda que agora as nosas autopsias (visións), formuladas todas elas basicamente entre 1991 e 1995 gozan xa dunha xeneralizada aceptación.


Paralelamente aos outros pobos indoeuropeos atlánticos, o sistema de artellamento en unidades como as da nosa Terra de Trasancos, que denominaremos *territorios políticos*, hai que dimensionalo no contexto dunha relixión (Blanca García, Andrés Pena), dunha lingua (Jurgen Untermann, Juan José Moralejo, Eulogio Losada, A. Pena) e dunhas institucións (A. Pena) célticas.

Provenientes dun lonxano horizonte visible xa na primeira Idade do Bronce, que fende as súas raíces no Neolítico, pois nunca, claro está, houbo en ningures un pobo de *raza celta* orixinario dun ignoto punto xeográfico de Europa que chegou a

«Paralelamente aos outros pobos indoeuropeos atlánticos, o sistema de artellamento en unidades, hai que dimensionalo no contexto dunha relixión, dunha lingua e dunhas institucións célticas.»



25 Distribution of coins bearing inscription CRICIRV on a map of politically autonomous Celtic territories to the extent that they can be reconstructed from the boundaries of medieval dioceses. Dotted circles: coin hoards.




2.1 European cultural complexes. 1. Atlantic Complex, 2. Nordic Complex, 3. Lusatian Complex, 4. North-Alpine Complex, 5. Iberian Complex, 6. Italian Complex, 7. Carpathian Complex, 8. South-oriental Complex, 9. Grecian Complex.



Galicia en tempos pretéritos por mor dunha máis suposta que real invasión ou ocupación, senón que hoxe o celta (Pena 1995) define e responde, coma o románico, ou o gótico, a un amplo concepto cultural formado de xeito acumulativo. Por este motivo esta forma articulativa en comarcas ou bisbarras naturais politicamente organizadas revelan un arcaico sistema organizativo celta, de sociedades cabaleirescas xerarquizadas, sistema que residualmente ficaría como fósil nas áreas xeográficas atlánticas, marxinais, do continente europeo e das Illas Británicas, sinaladamente no Noroeste Peninsular. Os territorios políticos ou "bisbarras celtas", ieis a importancia da Terra de Trasancos!, son no Atlántico europeo verdadeiros estados ou protoestados, posto que podemos definir neles un *topos* poli-institucional aberto: a asemblea, a feira, o *Oenach* ou *Forum (forum guigurrorum, forum bibalorum, forum limicorum, etc.)*[2], capital sen vida urbana que, no medio do campo, arredor dun *outeiro, trebopala, croio-teutático* ou altar de pedra, cohesionará todos os elementos políticos, xurídicos, económicos, sociais e relixiosos. O campo da feira e das asambleas é onde se revela a mencionada adscrición céltica desta forma de articulación política. O centro da Terra de Trasancos –disto falaremos máis amplamente outro día– estaría cun alto índice de probabilidade na actual parroquia de Santa Icía nun outeiro hoxe perdido (mais non sen nos deixar a memoria da súa existencia, pois se conservou posiblemente o topónimo do emprazamento no lugar de "Outeiro").

As *trebas* ou territorios políticos, as bisbarras como a nosa Terra de Trasancos, fixéronse aos poucos e están historicamente conformadas dende a Prehistoria[3]. Segundo se pode entrever na Idade do Ferro funcionaban, non como estados modernos, mais si como *estados* dunha *casa* nobre –como o foi na Idade Media a nosa "Casa Condal de Traba"–, con características ben discriminadas, con xerarquías políticas, con institucións relixiosas internas moi sofisticadas e cunha organización vertical *doméstica* e cabaleiresca nos asentamentos castrexos, configurando estes asentamentos unhas microxurisdicións, uns espazos acoutados de 1,5 km de radio, que pervivirán aínda na Idade Media coa mesma extensión e cos mesmos marcos que tiveran na Idade do Ferro (Pena 1991-2001). Estas bisbarras estaban formadas por pequenas xurisdicións consistentes en multitude de *castella*, castros, na Protohistoria (época preromana), e logo na Idade Media en multitude de *uillae*, "vilas", herdeiras do espazo que antes tiña o castro.


O territorio político celta, a *treba*, "casa", "pobo", "bisbarra", ou o *toudo*, "estado", dos *Artabri* –pois Mela, cando describe aos Ártabros, "celticae gentis", sitúaos claramente na ría de Ferrol, describindo a súa particular entrada e interior: "*in Artabris sinus ore angusto admissum mare non angusto ambitu excipiens*" ("nos Artabros un esteiro de boca estreita acolle o mar recibíndoo nun espazo nada estreito")– tería cambiado previsiblemente o seu nome polo de Trasancos: Artabrí, Ártabros en tempos de Estrabón (III, 3, 5), quen, asemade, aínda non sendo tan explícito como Mela, facendo probablemente referencia á ría de Ferrol, famosa polo seu abrigo (pois toda a ría é en realidade unha abra ou "porto" natural), dí á súa vez: "*Os ártabros posúen as súas cidades* [os castros costeiros como o de Astano (desaparecido) ou próximos á costa como o do Petouzal ou o de Ancos, posiblemente *Adobriga* (>*Ardobriga*)] *aglomeradas na abra* (baía), *á que os mariños que navegan por alí denominan Porto dos Ártabros*" [o noso respeto, pero isto é o que hai, aos errados defensores do *magnus portus artabrorum* supostamente en *Dugium* (Duio), etc.]. Estrabón infórmanos a continuación, aínda que el tamén se equivocase un chisquiño, uns poucos km, ao confundir a Terra de Trasancos coa veciña Terra de Arrós, á que erroneamente atribúe este cambio de denominacion dos Ártabros, dicindo: "*Na actualidade aos Ártabros se lles chama tamén Arrotrebas*". O cambio de nome das tribos celtas –como hoxe cambian os nomes das rúas ou das cidades– era cousa moi frecuente e por outra parte moi documentada.



Por mor deste cambio, Plinio o Vello[4], que estaba a consultar frecuentemente o Arquivo Imperial de Roma, empregando fontes directísimas e de primeira man para a confección da súa Historia Natural, non atopa aos Ártabros cando os busca no índice alfabético[5] nos correspondentes ficheiros do Censo Imperial. Xa non atopa os datos dos famosos *Artabri* ("Ártabros"), co seu extraordinario porto, que precisaba, e moito, para facer un listado parcial das trebas ou tribos do Conventus Lucense, porque o nome de *Ártabros*, o nome dunha treba ou tribos do Conventus Lucense, o nome de *Ártabros*, nome dunha treba ou bisbarra celta , restrinxida aos habitantes e á comarca da Terra de Trasancos –e, pese ao que se ten dito do *Arco Ártabro*, etc., doulles, créanme, a miña palabra de honor–, *xa* tiña cambiado por feitos e circunstancias que nós, como Plinio, ingoramos. Entón Plino, avaliado sempre coa autoridade das fontes de primeira man que manexa, nega de xeito abondo tallante e prematuro que os Ártabros tiveran existido nunca, e di clara e tallantemente sobre os Ártabros: "*manifesto erro, xa que pobo tal nunca houbo con este nome*"[6], e pasa logo a citar, entre outras, a Terra de Arrós (Cedeira) Arróns ou Arrotrebas, etc. A lousiña de Covas confirma tamén este aserto, e que os Artabros xa cambiaran a súa denominación pola de *Trasanci* a finais do século I d. C.

A Terra dos *Artabrí* ou dos *Trasanci*, que ambos os dous nomes significan a mesma cousa (e así ata comenzos do século XIII cando se funda a Villa de Ferrol [...] e se producen en todos os eidos, como

«... as bisbarras como a nosa Terra de Trasancos, están conformadas dende a Prehistoria.»






o iremos amosando en sucesivas *Ateneas*, cambios importantísimos e revolucionarios nos sistemas organizativos, produtivos e no comercio marítimo internacional), non sufriu modificacións relevantes, nin antes da conquista romana, nin despois dela, nin co *Regnun Suevorum*, e ata o século XII a *terra* ou o *territorium* de Trasancos, a nosa querida e inesquecible bisbarra histórica, foi sempre o punto de referencia básico dos seus habitantes, os trasancos (o nome xa é plural e etnónimo) ou trasanqueses, como foron tamén as outras bisbarras do país para os galegos e para os habitantes do NW peninsular, que aínda se chaman mariñáns, bergantiñás ou limiáns. Resúltame inaceptable, pese aos anticuarios e aos medievalistas –aínda que afortunadamente case todos estan a seguir ou a pisar os nosos pasos xa–, falar de reorganización promovida dende fóra do sistema territorial galego, nin durante o Imperio, nin durante o *regnun suevorum* nin durante a monarquía astur.

Hai que sinalar que a autarcía[7] ou autoabastemento da *treba* ou bisbarra celtoatlántica, como a Terra de Trasancos (e isto funciona tamén dende a Idade do Ferro ou época *castrexa* ata a Alta Idade Media, ou época das *uillae* "vilas medievais"), constitúe probablemente o máis avanzado modelo de economía sostida que pode existir (Pena, 2001) e aínda sería moi útil nos nosos días. De feito, máis tarde ou máis cedo haberá que pensar seriamente en recuperar este sistema. Pero a autarcía ten un serio inconveniente dende o punto de vista demográfico –ou unha vantaxe dende o punto de vista do crecemento sostido e controlado–, sucedendo que o equilibrio ecolóxico necesario para manter intactos os recursos dos pequenos espazos acoutados nos que se divide a bisbarra só se pode acadar mantendo constante a relación entre os recursos do espazo e o número de habitantes. É dicir, que os pequenos espazos acoutados susbsisten secularmente mantendo estable unha (relativamente elevada) poboación[8]. O número de habitantes dun couto non pode aumentar bruscamente, senón que se ten que manter máis ou menos constante ao longo do tempo.

Se miramos aos seus límites exteriores e aos seus usos e costumes interiores o castro e a *uilla* medieval responden a un mesmo obxecto institucional: un común espazo xurisdicional e un centro receptor de rendas propiedade dun determinado señor; pero se miramos á súa forma, estas xurisdicións chegarán aos tempos medievais aparentemente modificadas. Partindo como modelo do *castro / domus*, do "territorio económico demarcado autárquico"– quizais sería máis axeitado empregar a palabra "xurisdición"– onde a xente vive, cada un en cadansúa casa, co seu señor no interior dun recinto fortificado, pasarase ao modelo de *villa* galaico-romana e medieval, tamén un " territorio económico –ou espazo xurisdicional– demarcado autárcico (*sic*)" polo que se espallan as granxas dos labregos, en espazos abertos cos mesmos lindes e marcos [inmobiliario arqueolóxico de término (Pena, 1991: 25-64)] que antes tiña o castro, pero articulado agora o centro de recepción das rendas xurisdicionais nodalmente en torno a un pazo. En ambos os dous casos, as ditas xurisdicións, compartindo o espazo territorial e os marcos que as acoutan, permanecerán institucionalmente intactas no NW peninsular, na *Gallaecia* antiga e na *Urbe Gallaecia* medieval, dende tempos prerromanos ata o século XII. E así se pasou do castellum Ferreoli?, á *uilla Ferreoli*, é dicir, dun castro cun *possesor* épónimo (o dono fundador con nome latino, sen que queira iso dicir que fose latino o que o levaba) do que tomou o nome o castro ou a posterior *uilla*.



REBE TRASANCI AVGUSTE
Los Trasancos [ofrecen probablemente el propio disco] a Reva (*sic*) Agusta. (Santa Comba Covas.

TERRITORIO POLÍTICO CELTOATLÁNTICO: ARTICULACIÓN INSTITUCIONAL.

DA *UILLA FERREOLI* Á VILA DE FERROL


Ferrol está xa que logo na Terra de Trasancos, unha comarca natural de orixe prerromana que chega intacta ata o mundo medieval[9].

Ferrol é, como vimos, topónimo que podería proceder verosimilmente dun antropónimo latino, *Ferreolus*, acaso un *possesor*, nobre ou señor galaico romano dono dun castro, cuxo topónimo aínda se conserva en Ferrol Vello, ou máis probablemente dunha *uilla* fundiaria, coma as de Nobille (sic) ou Littoriana, posiblemente construída nun promontorio, non lonxe da igrexa de Sancto Iuliano e desaparecida debaixo dos modernos arsenais.


Resumindo, dita *uilla* galaico-romana herdeira e continuadora, se non do emprazamento, si do mesmo espazo e límites do castro (rexistrado na toponimia) do Ferrol Vello, chamouse *uilla* Ferreoli e ese espazo xurisdicional conformaba na Alta Idade Media unha *uilla* altomedieval articulada agora arredor dunha "Casa dun cabaleiro, nobre ou infanzón" e dunha igrexa. E remito ao lector de Atenea ao meu cadro evolutivo (Pena 1994) do sistema debuxado por José Ramón Fernández Villares (1994) ou por Eva Merlán Bollaín (1995).

DONA MUNIA FROILAZ, PROPIETARIA DA *UILLA* DE FERROL

Daquela chamábaselle *uilla* á única forma de hábitat coñecida –se exceptuamos as cidades episcopais como Tui, Ourense, Lugo, etc.–, á casa solar do *dominus* e ao seu *dominium* ou xurisdición, nun unificado concepto de soberanía doméstica. A *uilla* de Ferrol, que é nomeada por vez primeira na colección diplomática de Xuvia, non era, como vulgarmente se pensa, unha cidade nin un núcleo urbano, senón unha facenda dun nobre ou cabaleiro e mais o seu couto ou espazo xurisdicional. A *uilla* de Ferrol aparece ligada a un antigo topónimo, posiblemente romano: *Ferreolus* –sen que, por suposto,



«A Terra dos *Artabri* ou dos *Trasanci*, non sufriu modificacións relevantes, nin antes da conquista romana, nin despois dela, nin co *Regnun Suevorum.*»



Uilla de Quintana (Quintá, O Val) de Munia Froilaz (S.XI-XII), a *Uilla Ferreoli*, tamén de Munia Froiláz, foi con toda seguridade un edificio prácticamente igoal .a este. Fotografía da porta principal con estrela exalfa, e dibixo coa reconstrución, baixo a nosa dirección do aspecto que tería a uilla Quintana no S XII, realizado pola ilustradora ferrolana Eva Merlán Bollaín (1995) para a nosa historia ilustrada de Narón.

queira isto dicir que fose romano de orixe o provinciano galaico, *dominus*, *possesor* e mais fundador epónimo dunha viable *uilla* galaico-romana sita nalgún promontorio de Curuxeiras que posiblemente se chamou Ferreolus.

O caso é que no século XII a *uilla* de Ferrol era un espazo demarcado, unha xurisdición, ocupada case totalmente por unha frondosa fraga, posiblemente de considerable valor cinexético, e acaso, se non por casas dispersas, quizás por unha minúscula aldeíña ou lugar, tamén chamada *uilla*, de pouco máis de media ducia de casas, e un espazo traballado por quen eran labregos e pescadores simultaneamente, nunha serie de enseadas e abeiros e, ocasionalmente, os moi estimados *muntarios*, "monteiros" dos Petriz, condes de Trava e de Trastamara para as súas andanzas cinexéticas.


Esta *uilla Ferreoli* coa súa igrexa de *Sancto Iuliano* ou Sant Giao –coma a uilla de Naraoni, tamén coa súa igrexa de *Sancto Iuliano* ou Sant Giao– era propiedade, moi posiblemente na súa íntegridade segundo o penso agora, dunha gran dama. Unha monxa de Xuvia, Dona Munia Froilaz[10], irmá do conde don Pedro Froilaz e unha egrexia muller do Reino de Galicia.

Munia Froilaz era a dona da *uilla de Ferrol*, cuxa igrexa de *San Giao*, probablemente xa do século IV ou V a.C., aparece non obstante mencionada por vez primeira na documentación de Xuvia nunha carta de venta de Osorio Velázquez de 20 de marzo de 1087. A de Ferrol era daquela unha *uilla* máis entre máis de cincuenta *uillae* medievais que, como *Ismaeli*, "Esmelle", *Domini Mironi*, "Domirón", *Federnande*, "Fernande", *Recimiri*, "Recimil", etc., existían no século XII en Trasancos.


Munia non só era a propietaria da *uilla* de Ferrol, senón que era tamén unha gran señora, co-propietaria só na Terra de Trasancos de máis dunha ducia de *uillae* máis, como a de *Quintana,* "Quintá" (O Val), reproducida na ilustración (para darlles unha idea aos lectores de *Atenea*, esta uilla sería practicamente idéntica ou moi parecida á desaparecida *uilla* altomedieval de Ferrol), e doutras moitas uillae noutras terras ou bisbarras. Sabemos que por moito tempo gozou de fama de santa e que foi en vida unha reputada xurisconsulta en toda clase de problemas divisorios e xurisdicionais no Reino de Galicia, sendo o seu dictame e o da súa irmá Viscávara moi solicitado.

Haberá que esperar a principios del século XIII para que apareza por primera vez, fundada ex novo polo rei Don Afonso VI DE GALICIA e IX DE LEÓN, un rei galego coma o seu pai e coma o seu avó paterno, criado en Galicia e de fala galega[11]. Foi un dos reis máis importantes de Galicia. Inaugura unha verdadeira *aurea aetas* chea de cambios e de oportunidades. Ao seu empeño fundador de cidades debe Galicia boa parte da súa actual configuración urbana[12]. Fundou [13] moitas das actuais vilas costeiras de Galicia desde Tui a Ribadeo, Betanzos, A Coruña, Baiona, Ferrol e Neda. Todas estas cidades foron fundadas por don Afonso a comezos do século XIII, como un instrumento real para ampliar as bases do comercio Atlántico e para o fomento da actividade pesqueira, industrial e comercial á que antes aludíamos. Non desexou xuntar nunca os seus reinos de Galicia e de León ao reino de Castela, seguindo a política dos seus antecesores. Desherdou o seu fillo Don Fernando, nacido da súa segunda esposa Dona Berenguela de Castela, feito rei de Castela contra a súa vontade. Aplicando o dereito hereditario galego, que equipara na sucesión aos homes e ás mulleres, nombeou herdeiras dos reinos de Galicia e de León respectivamente ás súas fillas Dona Sancha e Dona Dulce, co apoio masivo do reino, salvo dos bispos de Lugo e de Mondoñedo. A posición galega sería compartida por Asturias e por Zamora, ambas étnica e culturalmente moi próximas a Galicia, mentres que León, considerado –agás O Bierzo– *Terra de Foris*, exterior a Galicia e culturalmente próximo a Castela, apoiou entusiasticamente la causa castelá.

A Vila de Ferrol, cidade medieval, foi erixida no lugar antes ocupado polos anteriores espazos. Ferrol, xa que logo, está a piques de cumprir como núcleo urbano setecentos anos.



Proxima Entrega, La Casa Condal de Trava y Trastámara en Ferrol y su comarca.



NOTAS

[1] A. Pena: 1991, p. 115-127; 1992, p. 33-48.

[2] Ás veces, coma no caso do *Forum Guigurrorum*, identificado como A Cigarrosa, A Rúa, mencionado por Tolomeu (*Geog*. 2, 6, 37) e no Itinerario Antonino (438,7) estes *fora*, como o *Iriensium* "Iria Flavia", convértense, tal foi o caso da mesma Roma, nun centro urbano.

[3] As bisbarras poden cambiar, como cambian as cidades, de nome (San Petersburgo>Leningrado; etc.), e se Trasancos é antropónimo latino (**Trasancus*" –Monteagudo 2001), a bisbarra posiblemente existía antes con outro nome [todo isto coa reserva, claro está, de que non sexa Trasancos iollo! un nome prerromano como ie. *Tra<n>s/Anci*, "Tras o Monte de Ancos" (segundo a etimoloxía popular –Dopico, 1990– e agora segundo Villar, 2002), ou aínda proveña do ae. **trs-anci* "Os que queiman o monte para cultivar" (Pena, 1991) –cuestión agora, tras o achado da lousa de Santa Comba (Covas), en plena revisión e discusión–]. Este nome privativo da nosa bisbarra era con toda certeza o de *Artabri*, e ficou residualmente logo, con reduplicación, seguramente na voz *Tartares* (*Artabri>[T]arta[b]ri >Tartares*) e localmente latinizada psb. como Inferniño (*Lamas do Inferno* na *C.D.X.* do *AHN*, Cód. 1041b).

[4] PLINIO o Vello: *Hist. Nat*.IV, 20, 110-12. Plinio morreu estudando a erupción do Vesubio que sepultou a Herculano e Pompeia no ano 79, máis ou menos nos anos nos que se epigrafou a lousiña de Santa Comba datada polo tipo de letra a finais do S. I d C.

[5] A primeira inscripción latina, e un plato etrusco que leva as letras do alfabeto latino ordenadas exactamente –pero sen as letras gregas– como nós as ordenamos hoxe.

[6] PLINIO o Vello: *Hist. Nat*. IV, 22, 114-15.

[7] Palabra grega que significa "capaz de abastecerse por si mesmo", "vivir do que se produce", termo que non hai que confundir con autarquía "gobernarse a si mesmo".

[8] O sostemento secular pola sociedade celta con certa comodidade dunha numerosa e constante cantidade de xente só se puido ter logrado mediante un estricto respecto medioambiental e un mantemento dos recursos inalterables e inmutables. Se se corta unha árbore, prántase outra; cando nace un año, mátase un cordeiro; cóllese dos bosques a leña que se pode repor; téñense as vacas que se poden manter nos prados, etc. A sociedade celta certamente é vertical e desigual: hai labregos ricos e labregos pobres, hai quen ten terras e gando propio e quen non tendo nada anda coa terra e co gando posto polo señor, pero se enganarían moito quen pensasen que o sistema de soberanía doméstica celta se pode "simplistificar" en termos marxistas cos señores zugando cunha cánula de goma o sangue aos labregos, porque o sistema celta é esencialmente redistributivo, xusto e solidario: cada quen ten o que herda, ou o que é quen de obter co seu traballo e co seu valemento e esforzo persoal nun sistema moi integrado, onde os lacazáns non encaixan, de superación e afirmación individual, de responsabilidade, de sentido do deber, de patriotismo e conciencia de grupo e de plena solidariedade colectiva por enriba do interese particular. As leiras (palabra celta do ie **plaria*, con caída do p inicial) divídense en "tenzas", en longas tiras e bancais nas abas dos montes, que permanecen estables; os usos das augas correntes son comunais, existen múltiples sistemas de explotación pública ou privada dos recursos, dos caneiros, dos muíños, dos pastos, da caza, da pesca e das terras incultas, un complicadísimo sistema xurídico que regula a propiedade e a súa transmisión familiar. Hai tamén un sistema metrolóxico, e uns usos e costumes xurisdicionais comúns pero de matices variables en cadanseu couto da treba ou bisbarra como a de Trasancos, e todo iso enmárcase no contexto dunha produción anual constante, basicamente cerealeira, pensada para alimentar con relativa comodidade, un ano con outro, a unha poboación constante, polo que nos países celtas, cando se produce un excedente da poboación, o sistema, baseado no equilibrio ambiental e na autarcía –producir para comer cos recursos propios– responde coma o das abellas dunha colmea ao expediente da emigración, colonización e apertura de novos espazos (creación de novos castros ou *uillae* dentro da bisbarra ou *treba*) ou se recorre a un control da natalidade ou, de producirse un sensible incremento, os mozos, dirixidos por un nobre, teñen que emigrar á procura de novos espazos onde asentarse. Carole Crumley (1995, pp. 26-33), amosando o carácter rural e disperso da meirande parte da Europa Lateniana, entre os séculos IV e I a. C. dá co *quid* da cuestión ao afirmar que isto non se debe a unha posición cativa nunha escala que conduciría á formación dos estados, senón a un altísimo grao de éxito na adaptación ambiental.

[9] Diciamos en 1992, cunha paixón propia da xuventude, na introdución ao II volumen da Hª de Narón, *A Terra de Trasancos ollada dende os mosteiros de Xuvia e Pedroso na Idade Media*: "A ignorancia da existencia do 'Territorio Político' [A Terra de Trasancos] leva parella como consecuencia a confusión do concepto e artellación do territorio económico segmentado autárquico que nel se inscribe: as *uillae*, xeralmente englobadas nun opaco engueDello de termos tan confuso que podemos dubidar que se coñeza realmente a materia da que se está a falar como se desprende da vaguidade dalgúns xuízos".

[10] Munia Froilaz contraeu nupcias con outro gran propietario de inmúmeras *uillae* ou micro espazos xurisdicionais entre Ferrol e Ortigueira, Paio Menéndez, con quen tivo una filla chamada dona Marina e un fillo que lle morreu afogado cando era case un bebé no *Mar da Joiva*, fronte ao Mosteiro de San Martiño de Xuvia, popularmente coñecido como O Couto, nun escuro incidente, segundo se desprende da testemuña dos veciños que depoñen no Apeo de Pedroso, dando todo isto orixe a una bela lenda popular (Pena 1992, p.70). Á morte do seu home ingresou no seu mosteiro familiar e dúplice de San Martiño de Xuvia como monxa bieita.

[11] Tamén por parte da súa nai, a princesa portuguesa Urraca e o seu avó materno Alfonso Enríquez.

[12] As cidades foron o eixe da su política e coas cidades a burguesía que intentou fomentar. A comezos do seu reinado convocou unha *curia regia* no reino de León, onde estivo por primera vez representado un sector nonnobre,os burgueses das ciudades.

[13] As vilas de reguengo eran como illas no medio dun mar de señoríos (laico, monástico ouepiscopal) e explotacións agropecuarias; supoñen un cambio absoluto co mundo medieval anterior e producirán fondas transformacións políticas no país. Estas transformacións comezáronse a producir no século XII cos reis Alfonso V de Galicia e VII de León e mais Fernando II, que acoutaran numerosos mosteiros galegos, antes mosteiros familiares dos clans nobiliares. Os mosteiros aparentemente desenvolveron unha autónoma vida económica aumentando o seu patrimonio nun proceso continuo pero non homoxéneo con bens diversos como *uillae*, igrexas, herdades, servos (campesiños oucolonos sen tierras propias), etc., procedentes de donacións e de mandas testamentarias de particulares e nobres e de roubos e extorsións sobre os campesiños con facenda. Os coutos transformáronse por clonación, reproducendo no espazo demarcado o esquema que antes definía as relacións do príncipe ou imperante (o señor feudal) coa terra, sen máis interferencia que un vínculo persoal de carácter testemuñal expresado a través do xantar que ofrecían abades, priores e monxes dos mosteiros aos descendentes da casa nobre fundadora. O século XII, inaugurado polo rei Alfonso VI de Galicia e IX de León, foi un século de grandes cambios e de transformacións en Galicia das que se beneficiaría todo o espectro social. Transformacións políticas ao abrirse espazos de requengo coa fundación de vilas. Transformacións sociais, porque a aparición destas vilas consolida unha serie de "casas" e "liñaxes" locais cunha orixe social nos segundóns da gran nobreza, constituíndo a fidalguía local que se repartirá os cargos municipais (alcaldes, rexedores) e se perpetuarán neles ao tempo que ocupan outros cargos públicos (xuíces, meiriños). Unha protoburguesía fidalga que mesmo introduce nos mosteiros rurais aos membros das súas familias, priores de nome, fidalgos de vocación e de vestimenta, máis pendentes dos intereses das súas casas e dos seus parentes que dos ideais da vida monástica. As loitas e conflitos deste século entre a fidalguía e o clero regular, cuando se producen, esconden rivalidades entre as familias da oligarquía rural e urbana, cun pé no campo e outro na cidade. As transformacións ecomómicas trouxeron transformacións mentais profundas, canalizándose unha renovación relixiosa nas vilas da man, sobre todo, das ordes mendicantes, aparecendo cos franciscanos os xermolos de verdadeiros programas sociais. A política de Alfonso VI de Galicia e IX de León intentou fortalecer o elemento popular e urbano fronte á nobreza, suprimiu o título de conde, limitando no tempo os cargos de *tenencieiros* e de *prestameiros*. O seu reinado e o dos seus sucesores coincidirá co esplendor dunha cultura galega, esencialmente celta, se non a máis, si unha das máis elevadas, en todos os campos, da Europa do seu tempo. Os cancioneiros *d'Ajuda*, *Colocci Brancutti* ou o *da Vaticana* son contundentes testemuñas dun esplendor que ten como contrapunto o pórtico da Gloria e Europa como referente.




O VIÑO (E VI)

"Final felice
ma non troppo".

por Tono da Graña

Magister Bachanalium da Beatífica Cofradía del Colmillo



Esquema I

Penso que non vou meter máis teoría porque, en realidade, isto non era máis que un pretexto para facer unha cata ao final.

Cata que pretendo facer antes do Nadal. Así que desta volta engadirei uns esquemas que poden servir de ilustración e nada máis.

Este primeiro refírese á influencia da temperatura na evolución do viño.

O segundo estase a referir a unha das fichas típicas de cata, para que non vos colla de novas o día da cata.

Pois ben, foi un pracer estar en contacto epistolar convosco.

Até a próxima.

NÚMERO DE MUESTRA ....
DENOMINACIÓN DE ORIGEN ....
COMARCA VITIVINÍCOLA ....
BODEGA ....
MARCA ....
Clase de vino ....
Tipo de vino ....
Añada ....

Fecha ....


Catador ....

		Excelente	Muy bien	Bien	Correcto	Regular	Defectuoso	Eliminado	Puntuación	Observaciones
Fase visual		0	1	3	4	6	9	#		
Fase olfativa	Intensidad	0	2	6	8	12	18	#		
	Calidad	0	2	6	8	12	18	#		
Fase gustativa	Intensidad	0	2	6	8	12	18	#		
	Calidad	0	3	9	12	18	27	#		
Armonia		0	3	9	12	18	27	#		

Firma

Excelente: 0 - 7
Muy bien: 8 - 23
Bien: 24 - 44
Correcto: 45 - 62
Regular: 63 - 78
Defectuoso: 79 - 90
Eliminado: > 90

Esquema 2

ARTIGO 

DO MATRIMONIO HOMOSEXUAL E DO MATRIMONIO TRADICIONAL QUE NINGUÉN QUERE.

DO MATRIMONIO HOMOSEXUAL E DO MATRIMONIO TRADICIONAL QUE NINGUÉN QUERE.
DO MATRIMONIO HOMOSEXUAL E DO MATRIMONIO TRADICIONAL QUE NINGUÉN QUERE
DO MATRIMONIO HOMOSEXUAL E DO MATRIMONIO TRADICIONAL QUE NINGUÉN QUERE
DO MATRIMONIO HOMOSEXUAL E DO MATRIMONIO TRADICIONAL QUE NINGUÉN QUERE

por José Carlos Alonso Sánchez,
portavoz de ***Milhomes*** (Grupo de gays, lesbianas, bisexuais e transexuais da Coruña).

Di o dicionario da Real Academia da Lingua que ***matrimonio*** é *"a unión de home e muller concertada mediante determinados ritos ou formalidades legais"*. O problema é que esta é a mesma descrición que se podería dar dende hai séculos do matrimonio, e todos sabemos que a institución de hoxe non ten (por sorte) nada que ver coa do ano 1000. Tamén podería poñerme chusco e invocar que un contrato de aluguer entre un inquilino e unha propietaria é un matrimonio, toda vez que non deixa de ser unha unión que vincula as partes a través de ritos concertados, como é comparecer na Cámara da Propiedade a referendar a relación mercantil.


Creo que todos podemos estar de acordo en que cando calquera persoa invoca o concepto do matrimonio mentalmente, son moitos máis os parámetros que entran en xogo para dar forma á idea. Como debemos estar de acordo en que eses parámetros non son os mesmos hoxe en día que hai escasas décadas. O concepto evolucionou e modificou o seu contido radicalmente ao longo da historia, non hai dúbida. Ese matrimonio tradicional que quere rescatar a Igrexa Católica como finisecular, como modelo válido polos séculos dos séculos, xa ninguén o quere. Por non querelo, non o quere nin a mesmísima Ana Botella, quen despois de casar á súa filla na rimbombante igrexa de El Escorial, non ten reparo ningún á hora de recoñecer diante das cámaras de televisión que a súa filla debería separarse do marido no caso de que a relación de amor que os uniu se viñese abaixo. Con iso desbarata un dos piares fundamentais do matrimonio católico.

Que o matrimonio fose máis frecuentemente a unión dun home e unha muller non quita para que se deran períodos e culturas (máis abundantes naquelas sociedades cuxa estruturación social está menos protocolizada e esquematizada) nas que o casamento entre parellas homosexuais estivo recoñecido, incluso pola mesma Igrexa Católica. Eu creo, ademais, que nunca deixou de haber o afán, en parellas homosexuais de todos os tempos, de ver recoñecida a súa relación de amor, compromiso e solidariedade como algo digno, respectable e merecedor de apoio social. Niso A Coruña sentou un precedente, cando unha parella de mulleres (Marcela e Elisa) conseguiu, mediante unha argucia, casar na igrexa parroquial de San Jorge, alá polo 1901. Claro, en seguida foron acosadas e perseguidas, como o foron durante tanto tempo os homosexuais que quixeron vivir libremente a súa sexualidade. Dificilmente puidemos consolidarnos na historia dos tempos se se nos queimaba nas fogueiras en canto faciamos acto de presencia pública.

«Dificilmente puidemos consolidarnos na historia dos tempos se se nos queimaba nas fogueiras en canto faciamos acto de presencia pública.»

Hoxe en día ninguén podería dicir que a pretensión de ser libre do famoso escravo romano Espartaco era inxusta polo mero feito de que á escravitude aínda lle quedasen séculos e séculos de recoñecemento como institución social. Hoxe, o afán das parellas homosexuais por acceder ao matrimonio ten o mesmo rango "xusticeiro", pois nelas danse os valores que podemos rescatar como esenciais da idea de matrimonio que a sociedade quere para este novo século. Que se nos negase este dereito en razón da nosa orientación sexual sería vergonzoso.

Volven os detractores do casamento homosexual a crerse cargados de razón recorrendo ao concepto do "matrimonio según natura", pero ¿cal?, ¿quizá ese matrimonio no que nos dicía San Pablo que a muller debería someterse á vontade do seu marido en todo, dando por bos os seus desvaríos e palizas, simplemente porque a natureza o dotou de maior forza para impoñer a disciplina e o seu capricho no fogar? Iso é o que, estando máis cerca do sentir animal, nos demos os humanos durante milenios como institución e iso é o que, agora que boamente pretendemos desterrar o dominio do irracional das nosas



vidas para facer delas territorio da razón e o espírito, pretendemos que non siga acontecendo da mesma maneira.

A actitude que tomou a Igrexa Católica en relación con este tema é calquera cousa menos cortés. Imputar ao goberno da nación maneiras golpistas e dictatoriais; comparar as consecuencias da lei de matrimonio co nazismo; instar aos fieis e funcionarios públicos á desobediencia civil; acusarnos aos homosexuais de ser a causa da ruína das pensións dos nosos maiores, etc., son declaracións todas imputables a elevados cargos da Curia e ministros que o foron do PP. A calquera se nos asoma que todo o anterior é un chamamento ao alboroto, liorta, pendencia..., é dicir, o que o dicionario da Real Academia da Lingua denomina "*revolta*". Se nos poñemos tan papistas coma o Papa e, toda vez que España dixo si á Constitución Europea, con ela na man, quizá chegou a hora de pedir o fusilamento de curas e políticos de dereitas. Non, non é que eu lles teña zuna como para tanto, pero é o que di a susodita constitución: que se poderá aplicar a pena de morte "*para reprimir unha revolta ou insurrección*".

Volvo polos foros da terminoloxía e do que é igual e o que é distinto. Sen lugar a dúbidas, dous homes xuntos non son o mesmo que un home e unha muller xuntos (diso deunos cumprida demostración Ana Botella: "peras e mazás"). Tampouco son o mesmo un matrimonio de dúas persoas negras que o de dúas persoas brancas: salta á vista. É máis, o emparellamento relixioso non ten nada, pero nada que ver co civil. E isto, non é que o diga eu, senón que foi a mesmísima Conferencia Episcopal quen sentenciou que o matrimonio civil celebrado por Letizia é "nada". E sendo "nada" non supón inconveniente para que poida casar de branco e radiante en La Almudena co príncipe Felipe. Se, ó cabo, o que é "nada" (o matrimonio civil, aos seus ollos materialista, descrido e caduco) e o que é "todo" (o matrimonio relixioso, espiritual, fervente e perdurable) lles vale que teña o mesmo nome e os mesmos efectos xurídicos, ¿qué cornos lles importa que no mesmo saco se meta outra modalidade de matrimonio non máis dispar do que o son as xa consideradas?

Por outra parte, se como di a Curia, é matrimonial a institución cuxo fin primordial é a garantía da reprodución da especie, deberiamos aceptar que toda unión de home e muller non debería ser considerada matrimonio até non ter cumprido o obxectivo que lle dá sentido. Isto deixa fóra dos beneficios do termo a calquera parella que non teña un mínimo de tres descendentes. O que é o mesmo, a inmensísima maioría das parellas españolas que viven en familia.

Como vemos, o ser necio e burro vólvese contra un mesmo. Queren facer trampas xogando a partida social coa baralla marcada e reservándose os triunfos só para eles, mentres para o común dos mortais deixan "as feas". Sen embargo, "hoxe máis que onte pero menos que mañá", os españois estamos no bo camiño de recoñecer que a realidade humana se enriquece no respecto a todas as formas de convivencia (a medicina, a socioloxía, a psiquiatría, etc. avalan con máis e máis estudos científicos este rumbo), mentres a Igrexa Católica fai o ridículo ante unha sociedade que se proxecta ao futuro desoíndo as diatribas dos monseñores. ⌘

«...os españois estamos no bo camiño de recoñecer que a realidade humana se enriquece no respecto a todas as formas de convivencia...»

O PERIÓDICO FEMINISTA EN REDE...
www.mujeresenred.net/news/

10.000 MULLERES REUNÍRONSE EN MARSELLA NA MARCHA MUNDIAL DE MULLERES

31 de MAIO de 2005

Marsella foi esta fin de semana a cidade das mulleres. Esta vila portuaria francesa acolleu a Marcha Mundial das Mulleres 2005.

A Marcha foi o colofón dunha serie de encontros en foros temáticos simultáneos sobre sexualidade, paz e conflitos, precariedade e emprego, poder e igualdade e violencia de xénero. Como advertiu unha das relatoras, era demasiada inxenuidade pretender acordar estratexias sobre temas tan vitais en tan só unha mañá, pero os debates enriqueceron a visión das mulleres presentes e se produciu un encontro sempre necesario.

O debate sobre a ausencia do punto de vista das mulleres no Tratado da Constitución Europea, que sería rexeitada pola cidadanía francesa ao día seguinte, marcou o foro sobre Poder e Igualdade baixo as críticas de que se trata dun texto patriarcal e neoliberal. As intervencións reclamaron unha Europa de paz, que garanta o emprego e onde se garantan os dereitos das mulleres.

Testemuños de mulleres portuguesas, andorranas, gregas ou francesas fixeron avanzar o debate centrado en tres puntos básicos: paridade, exercicio do poder por parte das mulleres e laicidade.

Impresionante foi a intervención dunha compañeira polaca que se lamentou da asfixia na que a Igrexa Católica sume ás mulleres no seu país, apoiada polos deputados e as deputadas liberais, a quen a Igrexa prometeu, a cambio de rexeitar lexislar o dereito ao aborto, apoiar as políticas capitalistas. Baixo o eufemismo de "cultura do amor" o poder católico impón dende as escolas o rexeitamento a métodos anticonceptivos, á homosexualidade, ao aborto, ao divorcio... As feministas polacas denunciaron aos fundamentalistas cristiáns e clamaron polo apoio das mulleres europeas.

As compañeiras suecas (en boca dun home que acudiu a representalas) presentaron a proposta de creación dun Partido Feminista. Afirman que todos os partidos consideran que defenden os dereitos das mulleres pero que é un asunto secundario e os debates políticos son manexados polos homes. Por iso se creou a Plataforma de Iniciativa Feminista.

No debate sobre o laicismo escoitáronse as voces de mulleres marroquíes e alxerinas, que reclamaron a separación de igrexas e estado, xa que a relixión implica racismo e xenofobia. Tamén se escoitou a mulleres de orixe árabe debater sobre o veo islámico e sobre a abolición do Código de Familia arxelino.

En Paz e Conflictos interviñeron distintas mulleres vítimas de conflitos, onde destacou a delegación chipriota, formada por mulleres gregas e turcas que queren vivir en paz nun mesmo territorio.

O foro de sexualidade centrouse en exclusiva no aborto, pero a intervención dun home defendendo a postura da Igrexa Católica frustrou un espazo que debía ser das mulleres e para as mulleres.



Cabeceira da Marcha

Baixo un sol mediterráneo as rúas de Marsella enchéronse de cores e de lemas, de voces de mulleres: o morado, solidariedade entre mulleres, linguas distintas, cantos... Tres horas de marcha de 10.000 mulleres baixo a loita común contra a pobreza e a violencia pero con centos de esixencias e reivindicacións. Alí estaban representados colectivos como *Mulleres de Negro*, *Colectif 13* ou *Femmes Solidaires*, sindicalistas e pacifistas. Do estado español houbo unha nutrida representación de compañeiras de Euskadi, Galicia, Valladolid, Cataluña e Madrid.

«A Marcha foi o colofón dunha serie de encontros en foros temáticos simultáneos sobre sexualidade, paz e conflitos, precariedade e emprego, poder e igualdade e violencia de xénero.»



PASIVIDADE E ACTIVIDADE DAS MULLERES. REFLEXIÓNS SOBRE A AUTOBIOGRAFÍA DE EMMA GOLDMAN

por Isabel Lodeiro Vales.

Lin con entusiasmo a autobiografía de Emma Goldman, *Vivindo a miña vida*, (Kosovo, Rusia 1869 - Toronto, Canadá 1940), escritora anarquista.

O que me encolleu desta muller a medida que ía lendo todas as páxinas que conforman a súa extensa autobiografía foi a súa loita diaria, superando múltiples adversidades, non deixándose amedrentar por nada, desafiante toda ela. É impresionante ler os mil e un proxectos nos que andivo metida, ver como cun puñado de pesos facía realidade o seu proxecto empeñándose para iso ata conseguilo, mesmo quitando os pesos de onde fixese falta.

A quen non lese esta autobiografía recoméndolla vivamente para que ti, muller, emprendas a viaxe tumultuosa da loita, se é que aínda non a emprendiches, ou para que atopes consolo nestas páxinas se é que estás desesperanzada, para que avives de novo a chama da loita na que máis dunha vez esmoreciches (ou temos esmorecido) pero, que sería de nós se non tivesemos ese reto diario de mellorar algo máis nós mesmas e con iso o que nos é necesario para darnos a coñecer, para facernos presentes, para que nos escoiten, para que non nos teñan tan caladas, para que haxa máis ruído que o dos mil e un motores de todo tipo que nos asolagan por todos lados, para ter máis espazos de expresión e que non nolos rouben.

Para que loitemos por mellorar o noso entorno máis inmediato, pois para moitas de nós será o máis inmediato e fructífero, para que te intereses polo teu barrio, polos teus veciños e veciñas, o teu centro de saúde, para que te pases pola asociación veciñal (ou a crees), para que crees e participes en foros de debate co que saibas, porque hai xente que precisa de ti para mil e unha cousas.

Muller, non quedes calada, fala, exprésate como ti sabes facelo e loita como loitaron mulleres que nos precederon –velaí Emma Goldman, e se rastreas un pouco atoparás moitos máis exemplos– para que agora esteamos gozando duns dereitos que non debemos deixar perder, e co deber de ter que saber conservar o que herdamos, e de tentar melloralo cos cimentos e experiencias coas que contamos e con todos os medios dos que hoxe en día dispoñemos, para que saibamos aproveitarnos deles e non que eles se aproveiten de nós.

Porque non partimos de cero e debemos continuar a loita. ⌘



Emma Goldman
(1869-1940)
Nacida en Rusia, trasladouse moi nova a EEUU, onde aceptou as ideas anarquistas a raíz do asasinato legal de catro anarquistas polo atentado de Haymarket. Converteuse nunha das figuras máis importantes do anarquismo, tanto polas súas publicacións como polas súas intervencións en variadas loitas sociais.

"O Estado é o altar da liberdade política que, como o altar da relixión, está concibido co só propósito do sacrificio humano".





*A LÓXICA desenrrola actitudes matemáticas
nos dedos que xustifican a beleza.
Esbaran, corren, se multiplican, descansan,
atopan o xogo no branco e preto do taboleiro,
expoñentes da experiencia, que sintetiza
ca grandiosidade do universo.*

*Ray Charles sorrie na oscuridade
que o leva a visión interna do significado.*

*O DESENLACE determinado, e producido
pola materia do imprescindible risco,
do expresionismo precursor,
do preciosismo esencial,
como do exercicio de cada corda
pendurada nas pupilas insólitas
do simbolismo intencional
que troca o equilibrio da alegoría ortodoxa.*

*Albert Collins resoa o tema primario
insistindo no valor cromático
da intencionalidade sonora.*





*LA lógica desarrolla actitudes matemáticas
en los dedos que justifican la belleza.
Resbalan, corren, se multiplican, descansan,
encuentran el juego en el blanco y negro del
tablero
exponentes de experiencia, que sintetiza
con la grandiosidad del universo.*

*Ray Charles, sonrie en la oscuridad
que lo lleva a la visión interna del significado.*

*EL desenlace determinado, y producido
por la materia del riesgo imprescindible
del expresionismo precursor,
del preciosismo esencial,
como del ejercicio de cada cuerda
colgada en las pupilas insólitas
del simbolismo intencional
que cambia el equilibrio de la alegoría ortodoxa.*

*Albert Collins resuena el tema primario
insistiendo en el valor cromático
de la intencionalidad sonora.*

Mª do Carme Kruckemberg

ESCENAS DE AMOR

Sobre la sal
la caliza
justificando su peso
con planas figuras
de fino grano blanco.

Sobre el cristal la honra
de un reloj de arena,
sustituida sal
para, no en vano,
llegar a la hora.

Una vez se preparan
los retales de la ceremonia,
a un lado el femenino
de bello estirar al andar
y al otro el masculino
de afeitado lima de codicias.

Se consuma la vía a la alianza
de fletes de galantería,
para decir del huevo su cría
y del rodaje un perfecto resultado.


BOHEMIOS

LA SEQUEDAD DE TU BOCA
ME CUENTA
QUE ESTOY ARRIMADO
a los sueños,
haciendo de la vaga esperanza,
hojas caídas en el precipicio
del parque de las enseñanzas.

Que brota la bella raíz inerte
de rotos y roturas,
el peso de la muerte,
y la garganta tuya

Sufre y se ahoga
quien sepa que por ver,
su alma cataloga
el dormir y el vencer,
duelo entre vista e imaginado,
marchando hacia el bien.

Pedro Fraga De-Cal (Ferrol, Maio de 2005)



AMOR DE OCASO

TE FUCHES INDO
E O CEO CHOVEU POR MIN
TÓDALAS LÁGRIMAS.

A LÚA QUEDOUSE,
COMO SEN AZOS,
NA SÚA NOITE INTERMINABLE.

O SOL,
CECAIS POR VERGOÑA,
AGACHOUSE POR VARIOS DÍAS.

MAIS NON TE ÍAS INDO:
SENTÍA QUE ESTABAS Ó CARÓN
ACOMPAÑANDO NO SILENZO A
MIÑA SOMBRA.

E NIN UNHA SOA VEZ,
AMOR DO MEU OCASO,
FALTACHES Á MIÑA BEIRA NO
MENCER.

A TI.

Tono da Graña

Ferrol

CIDADE DA ILUSTRACIÓ...

Juan J...

...ado

...ra Ambrós

José Leira López

...llermo Llorca Freire

Alfredo Martín García

...A. Rodríguez-Villasante Prieto


Margarita Sánchez Yáñez

Manu... ...ntalla López

Alfredo Vigo Trasan...

Eliseo Zaera Ríos

SOCI@S: LEMBRAMOSVOS QUE XA PODEDES PASAR A RECOLLER O VOSO EXEMPLAR DE „CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN„ NÚMERO 17-18




MAXIMUM SUPREMAE ARTIS QUID VIDERE VOLENTI
... HIC ORBIS ... SISTITUR OPUS;
IN QUO FIRMITER PERLUSTRANTES ...
NAVES, PROCINCTAS CLASSES ATQUE ...
... FELIX HISPANIAE ADMODUMQUE ...
... FAUSTE GUBERNAT REGIT TIBIQUE ...
CAROLUS III

CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN
Ano XIX Núms. 17 - 18 2003-2004

Solpor

Fran Nieto

A IMAXE 



ATENEO FERROLÁN

www.ateneo-ferrolan.org